

A C T A 2/2022

SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- 23 DE FEBREIRO DE 2021 -

Na Casa do Concello, a vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Dolores Nariño Facal

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.^a Carmen Diéguez González

D.^a Patricia Castelao Ferreiro

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24/11/2021**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 110/22 Á RES 214/22)**
- 3.- TOMA DE POSESIÓN DE D.^a PATRICIA CASTELAO FERREIRO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**
- 4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE USO DA PARCELA DOTACIONAL P1 DO PLAN PARCIAL PARQUE MONTOUTO**
- 5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022**
- 6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2022**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES**
- 9.- MOCIÓNS**
- 10.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 24/11/2021.

O sr. alcalde preguntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de novembro de 2021.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 110/22 Á RES 214/22).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 21 de xaneiro ata o 17 de febreiro de 2022, que comprenden os números 110 ao 214, que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- TOMA DE POSESIÓN DE D.^a PATRICIA CASTELAO FERREIRO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O sr. alcalde sinala que procede agora levar a cabo a toma de posesión da concelleira do BNG D.^a Patricia Castelao Ferreiro e cede a palabra á secretaria da Corporación.

Interveño eu, secretaria municipal, para poñer de manifesto que, con data de 11 de febreiro de 2022, foi recibida a credencial da nova concelleira, D.^a Patricia Castelao Ferreiro (rex. entrada nº 583), a cal presentou na Secretaría municipal as declaracións correspondentes do Rexistro de intereses, polo que se dan os requisitos para a súa toma de posesión.

A continuación D.^a Patricia Castelao Ferreiro procede a tomar de posesión como concelleira de Teo, mediante a fórmula legalmente establecida de acatamento á Constitución.

A sra. Castelao, promete, por imperativo legal, pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

O sr. alcalde dálle á benvinda á sra. Castelao como concelleira da Corporación, esperando que teña un longo e produtivo percorrido.

4.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INICIO DO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE USO DA PARCELA DOTACIONAL P1 DO PLAN PARCIAL PARQUE MONTOUTO.

O sr. alcalde refírese á proposición do 18 de xaneiro de 2022, sobre o inicio de expediente de cambio de uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto e explica que, aínda que xa se informou na Comisión Informativa, non foi debatida nas mesmas, polo que resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día.

Salienta o sr. alcalde que a necesidade de incorporar este asunto á orde do día ven dada porque a parcela estaba cun uso non produtivo e non ten sentido mantela así máis tempo, engadindo que non se puido someter ás Comisións pola necesidade de informes previos.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición de 18 febreiro de 2022, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Vista a memoria xustificativa desta Alcaldía sobre o cambio de uso da parcela dotacional P1 do Plan Parcial Parque Montouto.

Considerando que, segundo a citada memoria, a parcela P1 do citado Plan Parcial ten asignado un uso de depuradora, porén esta parcela en ningún momento tivo dito uso xa que toda a urbanización esta conectada á rede de augas residuais do Concello de Teo, e polo tanto non ten depuradora autónoma.

Tendo en conta que, de acordo co exposto, o mantemento do uso que a parcela ten asignado no citado Plan Parcial carece de sentido, e que os veciños e veciñas desa zona carecen dun espazo que poida ser utilizado como local sociocultural, parece oportuno levar a cabo innovación do uso actual, cambiándoo e ampliándoo a todos os usos dotacionais para dar cabida, no seu caso, á situación descrita ou a calquera outra que se poida poñer de manifesto.

Considerando que segundo o artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), na redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, poderá acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos ou dotacións públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos. En todo caso deberá garantirse o cumprimento dos estándares recollidos nos números 1 e 2 do artigo 42.

Vistos os informes do arquitecto municipal, de 17 de febreiro de 2022, e da secretaria municipal, de 18 de febreiro de 2022, incorporados ao expediente.

Considerando que, de acordo co artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a natureza do procedemento aconsella someter o expediente a información pública.

En virtude do exposto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Iniciar expediente para cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante un prazo de vinte días, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e na web municipal. No prazo citado, as persoas interesadas poderán formular as alegacións que teñan por conveniente para a defensa dos seus dereitos e intereses”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do BNG, sra. Castelao, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que é verdade que tamén os propios veciños solicitaron este cambio de uso hai uns meses porque non tiña ningún sentido e debería regularizarse a situación do local.

O portavoz do PP, sr. Guerra, non fai uso da súa quenda de intervención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Iniciar expediente para cambiar o uso de depuradora da parcela P1 do Plan Parcial Parque Montouto, asignándolle un uso dotacional de carácter global.

Segundo.- Someter o expediente a información pública durante un prazo de vinte días, mediante inserción de anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no BOP e na web municipal. No prazo citado, as persoas interesadas poderán formular as alegacións que teñan por conveniente para a defensa dos seus dereitos e intereses.

5.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.

O sr. alcalde da conta da proposta de 10 de febreiro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 17 de febreiro de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Aprobación de Recoñecemento extraxudicial de crédito

Na sesión ordinaria do Pleno municipal celebrada en marzo de 2021, aprobouse un Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) orixinado, fundamentalmente, pola irregular distribución anual da facturación eléctrica e pola suba dos prezos enerxéticos, o que supuxo acumular nun mesmo exercicio mensualidades que non se correspondían co exercicio.

O citado REC tivo que asumirse con cargo ao orzamento de 2021 e, consecuentemente, ao non estar prevista a asunción dese REC, detraéronse recursos correspondentes ao exercicio 2021 que provocaron, a final de ano, unha nova falta de recursos orzamentarios. Así, non se puido facer fronte ao pago de 414.586,13€, dos cales 213.208,57 corresponden á facturación eléctrica e outros 134.022€ á xestión do lixo.

Considerando que se trata de actuacións efectivamente executadas e que, polo tanto, a falta de aprobación e pago destes gastos suporía o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando así mesmo que si a Administración Pública incrementou o seu patrimonio (por obra ou subministro) ou recibiu efectivamente a prestación dun servizo, non pode alegar causas de nulidade para evitar a xusta contraprestación do que efectuou a prestación.

Visto o Informe de Intervención emitido ao efecto

De conformidade co disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) das facturas que se relacionan no Anexo por importe de 414.586,13€, distribuídas nas partidas que se relacionan na táboa”

O sr. alcalde sinala que, como saben as/os concelleiras/os, se ven producindo, de forma máis reiterada do que quixeran, a necesidade de ir a un recoñecemento extraxudicial porque se producen máis gastos dos recollidos orzamentariamente nun exercicio. Explica que non é un problema de capitalización nin de dispoñibilidade de fondos, senón de imposibilidade de adscribilos a unha partida orzamentaria determinada. Explica que na relación que acompaña da proposta da Alcaldía se ve que o importe total ascende a 474.500 euros, dos cales 213.000 euros, case o 50 %, corresponde a gastos de facturación eléctrica, e dos outros douscentos sesenta mil, máis da metade corresponden a tratamento de residuos sólidos urbanos.

Explica o sr. alcalde que, aínda que se considerara, e así se intentou no orzamento do ano 2021, meter unha partida para cubrir o recoñecemento extraxudicial que se aproba a principios de ano, os prezos desorbitados da enerxía eléctrica, fixeron que ese crédito se esgotase, engadindo que algo parecido pasou con outras partidas, como é o caso de Sogama. Sinala que máis alá das críticas sobre a imposibilidade de corrixir esta previsión orzamentaria, que asumen porque é evidente, ningún dos provedores, incluso ás eléctricas, aínda que o merezan, debe quedar sen cobrar porque o servizo o prestaron e sería un enriquecemento inxusto da Administración.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do BNG, sra. Castelao sinala que antes de achegarse ao Pleno estivo vendo a gravación do Pleno dos Orzamentos do ano pasado, no que tamén había un recoñecemento extraxudicial de crédito,. Lembra que concretamente no Pleno do 3 de marzo de 2021 o sr. alcalde fixo un repaso da historia dos recoñecementos extraxudiciais de crédito dos últimos anos. No 2019 debateuse no Pleno a aprobación de facturas de medio millón de euros, no 2020 non houbo orzamento e non se puideron facer axustes e no 2021 houbo un novo recoñecemento de case medio millón de euros. Salienta a sra. Castelao que neste Pleno do ano pasado o sr. alcalde tamén dicía que *“esperemos que coa aprobación dos novos orzamentos sexamos capaces de encaixar as contas para que o ano que vén non se teña que levar a cabo un novo”*.

A sra. Castelao manifesta que pasou un ano máis e algo fallou, e pensa que como leva fallando anos anteriores continuará fallando no futuro. Sinala que neste pleno hai de

novo un recoñecemento extraxudicial de crédito antes da proposta do orzamento e cree que non volverán a faltar os bos desexos. Anuncia a sra. Castelao a abstención do seu grupo e pide que dunha vez se poñan os medios para corrixir esta dinámica e que se fagan orzamentos con criterios realistas, non orzamentos de ciencia-ficción, para que dentro dun ano non haxa que estar de novo con xustificacións e escusas, por non ter feito ben as cousas.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo. Sinala que se van a abster debido á necesidade e á obriga de pagar as facturas, pero entende que todos comparten a idea de que a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito non é a figura máis recomendable, xa que non indica unha boa xestión económica do Concello.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo di que efectivamente non é o primeiro recoñecemento extraxudicial de crédito, que efectivamente tamén se dispararon os subministros pero aínda así é case medio millón de euros, que é moitísimo. Pensa que isto obedece á mala planificación e manifesta que ela sempre pregunta se está ben contemplado e o sr. alcalde sempre lle di que si, pero logo, ao final, sempre pasa o mesmo. Sinala que o voto do seu grupo vai a ser positivo porque comparten a idea de que os provedores non teñen que pagar os pratos rotos e hai que cumprir a lei de morosidade, que por certo non sabe xa se se cumpre.

O sr. alcalde agradece a boa disposición de todos os grupos. Aclara nese sentido que, por exemplo, o gasto deste ano de electricidade, que está en 700.000 euros, no orzamento que vén posteriormente establécense 775.000 euros, é dicir, 75.000 a maiores do gastado este ano. Tamén indica que por exemplo no que se refire á recollida do lixo no orzamento do 2019 contemplábanse 1.240.000 euros e este ano contéplanse 1.343.000 euros, é dicir, que a vontade de intentar evitar ese recoñecemento extraxudicial de crédito existe, pero é algo que non é imposible de garantir, pero é moi difícil, porque non saben nin como vai a evolucionar o prezo da luz nin como vai a ser distribución da enerxía eléctrica. En todo caso agradece a

comprensión ou polo menos a boa disposición da Corporación para levar adiante o recoñecemento extraxudicial de crédito proposto.

Os/as concelleiros/as non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con once votos a favor (4 Son de Teo e 7 PP) e seis abstencións (4 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento, aprobando, con cargo ao orzamento prorrogado, o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito (REC) das facturas que se relacionan no Anexo por importe de 414.586,13€, distribuídas nas partidas que se relacionan na táboa.

Incorpórase como anexo á presente acta o anexo no que se relacionan as facturas do REC.

6.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de febreiro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 17 de febreiro de 2022.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

EXP: 2022/X999/000095

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir prezos públicos, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a adaptación da Ordenanza reguladora ao nova redacción do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Lo-

cais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo Real tras as modificacións realizadas polo Decreto lei 26/2021, do 8 de novembro para a adaptación do texto normativo á Sentenza do Tribunal Constitucional 182/2021, de 26 de outubro de 2021, respecto do IIVTNU.

Considerando que, de acordo co artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante, LPACAP), a modificación proposta non vai ter un impacto significativo na actividade económica, nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, e regula aspectos parciais dunha materia, ao tratarse dunha modificación dunha ordenanza fiscal.

Considerando que a modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3.3 de xeito que quede redactado como segue:

3. Non estarán suxeitos a este imposto:

a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns

c) As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

d) As achegas ou transmisións de ben inmobles efectuadas á Sociedade de xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria , S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais

e) Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales o suxeito pasivo do imposto acredite a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición

Para elo, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmoble no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras do parágrafo anterior tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmobles aos que se refire este apartado, para o cómputo do período de tempo ao longo do que se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 2 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 4º.-

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:

- a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume*
- b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmobles.*

Para desfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña, ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a

execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

Os servizos técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmovible en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo ás obras.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaía sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmítente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o

Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 7º.-

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

2. A determinación da base imponible do imposto realizarase por un dos seguintes métodos:

2.1.- Método de estimación obxectivo.

2.2.- Método en función do incremento real experimentado polo terreo.

CUARTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 13 de xeito que quede redactado como segue:

1. Para determinar a base imponible a que se refiren os artigo 7 e seguintes, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, os seguintes coeficientes :

<i>PERÍODO DE XERACIÓN</i>	<i>COEFICIENTE</i>
<i>Inferior a 1 ano</i>	<i>0,14</i>
<i>1 ano</i>	<i>0,13</i>
<i>2 anos</i>	<i>0,15</i>
<i>3 anos</i>	<i>0,16</i>
<i>4 anos</i>	<i>0,17</i>
<i>5 anos</i>	<i>0,17</i>
<i>6 anos</i>	<i>0,16</i>
<i>7 anos</i>	<i>0,12</i>
<i>8 anos</i>	<i>0,10</i>

9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26
19 anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45

Non obstante, en ningún caso os coeficientes relacionados no cadro anterior, poderán ser superiores aos coeficientes actualizados ao abeiro do establecido no artigo 107.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo. Nese caso aplicarse directamente os coeficientes máximos legais actualizados.

2. Para determinar o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor, só se considerarán os anos completos que integren devandito período, sen que a tales efectos poidan considerarse as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 3.3.e) da presente ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base impositiva determinada conforme o disposto nos apartados anteriores, tomarase como base impositiva o importe do devandito incremento de valor.

QUINTO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

SEXTO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación”.

O sr. alcalde sinala que xa todos saben os problemas legais que aconteceron co ingresos que teñan estipulados os Concellos polas plusvalías, engadindo que no caso do Concello de Teo é una parte moi cativa, insignificante, que nestes últimos anos viña estando arredor dos 40.000 €, porén a situación do Concello a nivel de ingresos non é para prescindir deses ingresos, aínda non sexan moi elevados, resultando ademais que que se trata dunha cuestión de xustiza social e de cumprimento das leis. Aclara que non se incrementa ningunha porcentaxe con respecto á ordenanza que estaba vixente, tratándose dunha proposta técnica preparada pola Tesourería do Concello, con nula intervención do goberno municipal, máis alá de fixar o criterio de que non supuxera ningún incremento sobre as porcentaxes que existían con anterioridade.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do BNG, sra. Castelao indica que non teñen nada que dicir, e que o seu grupo vai votar a favor.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia a abstención do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o voto en contra do seu grupo, ao considerar que non é o momento de subir os impostos.

O sr. alcalde solicítalle á sra. Calvo que lle indique un só concello que non teña o imposto de plusvalías.

A sra. Calvo sinala que Ordes, engadindo que hai remanente e que se trata dun imposto sobre outro imposto.

O sr. alcalde di que os concellos non deciden quen aplica un imposto de plusvalía, senón os gobernos, e neste caso foi o goberno do PP, fundamentalmente, quen fixou este imposto como unha fonte de financiamento dos concellos. Entende que é absurdo que os membros do grupo popular se opoñan ao seu propio goberno, que foi quen no seu día fixou os ingresos mínimos cos que pode subsistir un concello. O sr. alcalde supón que o que pretenden é petardear de base os ingresos mínimos porque o que non poden dicir é que supón un incremento de nada, pois non hai tal incremento, e o único que supón neste momento é substraer recursos municipais dos que se dispoñían o ano pasado, e que se ao grupo do PP lles parece ben, pois adiante, e que cada quen asuma a súa responsabilidade.

O sr. alcalde pregunta se alguén quere intervir nunha segunda quenda.

Intervén á portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e sinala que en xeral é verdade que moitas veces na oposición non se apoian as ordenanzas pero que por responsabilidade entende que a plusvalía é un imposto coma outro calquera, pensa que está determinado ademais como fonte de ingresos, que no caso de Teo é moi pouco, pero noutros casos é fundamental para a vida económica dun concello. Explica que a existencia de taxas e impostos é fundamental e ademais forma parte do mantemento do estado de benestar tal como se coñece, e que nun principio ían absterse pero que van cambiar o seu voto e votarán a favor para que poida saír adiante a ordenanza.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e sete votos en contra (7 PP), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 3.3 de xeito que quede redactado como segue:

3. Non estarán suxeitos a este imposto:

a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre Bens Inmобles.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns

c) As transmisións de bens inmобles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

d) As achegas ou transmisións de ben inmобles efectuadas á Sociedade de xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria , S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais

e) Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales o suxeito pasivo do imposto acredite a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición

Para elo, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras do parágrafo anterior tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmoibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do período de tempo ao longo do que se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmoibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 2 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 4º de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 4º.-

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:

b) A constitución e transmisión de dereitos de servidume

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmobles.

Para desfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña, ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

Os servicios técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmueble en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo ás obras.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmítente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para

satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumirase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

TERCEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 de xeito que quede redactado como segue:

Artigo 7º.-

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

2. A determinación da base imponible do imposto realizarase por un dos seguintes métodos:

2.1.- Método de estimación obxectivo.

2.2.- Método en función do incremento real experimentado polo terreo.

CUARTO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 13 de xeito que quede redactado como segue:

1. Para determinar a base imponible a que se refiren os artigos 7 e seguintes, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, os seguintes coeficientes :

PERÍODO DE XERACIÓN	COEFICIENTE
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08
11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26
19 anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45

Non obstante, en ningún caso os coeficientes relacionados no cadro anterior, poderán ser superiores aos coeficientes actualizados ao abeiro do establecido no artigo 107.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo. Nese caso aplicarase directamente os coeficientes máximos legais actualizados.

2. Para determinar o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor, só se considerarán os anos completos que integren devandito período, sen que a tales efectos poidan considerarse as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratarase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 3.3.e) da presente ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores, tomarase como base imponible o importe do devandito incremento de valor.

QUINTO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na web municipal e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P. xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

SEXTO: O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor ao día seguinte da súa publicación.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA

CAPÍTULO I

Normativa aplicable

Artigo 1º.-

O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana rexerase:

-Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que completen e desenvolvan.

-Pola presente Ordenanza Fiscal.

CAPÍTULO II

Natureza e feito imponible

Artigo 2º.-

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesto a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo de dominio, sobre os referidos bens.

2. O título a que se refire o apartado anterior será todo feito, acto o contrato, calquera que sexa a súa forma, que orixine un cambio do suxeito titular das facultades dominicais de disposición ou aproveitamento sobre un terreo, teña lugar por ministerio da Lei, por actos mortis causa ou inter-vivos, a título oneroso ou gratuío.

Artigo 3º.-

1. Estará suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos, a efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles,

con independencia de que estean contemplados como tales no Catastro ou no padrón do IBI. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos cualificados como urbanos segundo o disposto no artigo 7.2 do RDL 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Catastro inmobiliario.

2. Estará así mesmo suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos integrados nos bens inmobles como de características especiais a efectos do Imposto sobre Bens Inmobles. En consecuencia, estará suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos cualificados como de características especiais segundo o disposto no artigo 8 do Real Decreto Legislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.

3. Non estarán suxeitos a este imposto:

a) O incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre Bens Inmobles.

b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, as adxudicacións que ao seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns

c) As transmisións de bens inmobles entre cónxuxes ou a favor dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime económico matrimonial.

d) As achegas ou transmisións de ben inmobles efectuadas á Sociedade de xestión de Activos Procedentes da Reestructuración Bancaria , S.A., así como as achegas ou transmisións realizadas pola mesma, nos termos regulados no artigo 104.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais

e) Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales o suxeito pasivo do imposto acredite a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores dos devanditos terreos nas datas de transmisión e adquisición

Para elo, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 106 do TRLRFL.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que para estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven ditas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que haxa solo e construción, tomarase como valor do solo para estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de pagamento do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Se a adquisición ou a transmisión fose a título lucrativo aplicaranse as regras do parágrafo anterior tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmovibles aos que se refire este apartado, para o cómputo do período de tempo ao longo do que se ten posto de manifesto o incremento de valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior á súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións ou transmisións de bens inmovibles que resulten non suxeitas en virtude do disposto no apartado 2 deste artigo ou

na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

CAPÍTULO III

Exencións

Artigo 4º.-

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos seguintes actos:

a) A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b) As transmisións de bens que se atopen dentro do perímetro delimitado coma conxunto histórico-artístico, ou teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o disposto na Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que teñen realizado ao seu cargo obras de conservación, mellora e rehabilitación nos ditos inmobles.

Para desfrutar desta exención deberá acreditarse a declaración individual de interese cultural mediante a invocación da norma de rango suficiente onde se conteña, ou a súa situación indubitada dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico mediante Real Decreto ou norma de rango superior. Así mesmo, acreditarase a execución de proxectos de conservación, mellora e rehabilitación debidamente autorizados, para o cal presentaranse os proxectos, as licencias e permisos preceptivos e o certificado de fin de obra correspondente.

Os servicios técnicos municipais incorporarán un informe respecto da necesidade ou utilidade das obras para a conservación do Patrimonio. O suxeito pasivo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias co concello respecto dos tributos que gravan o inmueble en cuestión e presentará declaración respecto de ter realizado o seu cargo ás obras.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención requírese que o debedor ou garante transmítente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar o alleamento da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobase o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.

Para estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela en a que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición se devandito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. Para estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente rexistrada.

Artigo 5º .-

Así mesmo, están exentos deste imposto os incrementos de valor correspondentes cando a obrigaón de satisfacer aquel recaia sobre as persoas ou entidades seguintes:

a) O Estado, A Comunidade Autónoma de Galicia, e as entidades locais ás que pertenza o Concello, así como os organismos autónomos do Estado e as entidades de dereito público de análogo carácter da Comunidade Autónoma de Galicia e das devanditas entidades locais.

- b) O Concello de Teo e as entidades locais integradas neste ou nas que se integre o Concello, así como as súas respectivas entidades de dereito público de análogo carácter ós Organismos autónomos do Estado.
- c) As institucións que teñan a cualificación de benéficas ou benéfico-docentes.
- d) As entidades xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Ordenación e Supervisión dos Seguros Privados.
- e) Os titulares de concesións administrativas revertibles respecto dos terreos afectos ás mesmas.
- f) A Cruz Vermella Española.
- g) As persoas ou entidades ás que ó seu favor se lle recoñecera a exención en tratados ou convenios internacionais.

CAPÍTULO IV

Suxeitos pasivos

Artigo 6º .-

1. Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuíntes:
 - a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio, a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
 - b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisións de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que transmita o terreo ou a persoa ou entidade que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.

2. Nos supostos a que se refire a letra b) do apartado anterior, terán a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a persoa ou entidade a favor da que se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

CAPÍTULO V

Base imponible

Artigo 7º.-

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

2. A determinación da base imponible do imposto realizarase por un dos seguintes métodos:

2.1.- Método de estimación obxectivo.

2.2.- Método en función do incremento real experimentado polo terreo.

Artigo 8.-

Nas transmisións de terreos de natureza urbana considérase como valor dos mesmos ó tempo de devengo deste imposto o que teñan fixados en dito momento para os efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis.

No obstante, cando dito valor sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións no planeamento aprobadas con posterioridade a aprobación da citada ponencia, poderase liquidar provisionalmente este imposto conforme o mesmo. Nestes casos, na liquidación definitiva aplicarase o valor dos terreos unha vez sexa obtida conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes corríxanse aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ó efecto nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cando o terreo, aínda sendo de natureza urbana ou integrado nun ben inmoble de características especiais, no momento do devengo do imposto non teña determinado o valor catastral en dito momento, o Concello poderá practicar a liquidación cando o referido valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ó momento do devengo.

Artigo 9º .-

Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce, limitativos do dominio, a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor definido no artigo anterior que represente, respecto do mesmo, o valor dos referidos dereitos calculado mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, e en particular mediante aplicación das seguintes regras:

- a) No caso de constituírse un dereito de usufructo temporal o seu valor equivalerá a un 2 por 100 do valor catastral do terreo por cada ano de duración do mesmo, sen que poida exceder do 70 por 100 de dito valor catastral.
- b) Se o usufructo fose vitalicio o seu valor, no caso de que o usufructuario tivese menos de vinte anos, será equivalente ó 70 por 100 do valor catastral do terreo, minorándose esa cantidade nun 1 por 100 por cada ano que exceda de dita idade, ata o límite mínimo do 10 por 100 do expresado valor catastral.
- c) Se o usufructo establécese a favor dunha persoa xurídica por un prazo indefinido ou superior a trinta anos, considerarase como unha transmisión da propiedade plena do terreo suxeita a condición resolutoria, e o seu valor equivalerá ó 100 por 100 do valor catastral do terreo usufructuado.
- d) Cando se transmita o dereito de usufructo xa existente, as porcentaxes expresadas nas letras a), b) e c) anteriores aplicaranse sobre o valor catastral do terreo ó tempo de dita transmisión.

e) Cando se transmita o dereito de nuda propiedade o seu valor será igual á diferenca entre o valor catastral do terreo e o valor do usufructo, calculado este último segundo as regras anteriores.

f) O valor dos dereitos de uso e habitación será o que resulte de aplicar ó 75 por 100 do valor catastral dos terreos sobre os que se constituían tales dereitos as regras correspondentes á valoración dos usufructos temporais ou vitalicios segundo os casos.

g) Na constitución ou transmisión de calesquera outros dereitos reais de goce limitativos de dominio distintos dos enumerados nas letras a), b), c), d) e f) deste artigo e no seguinte artigo considerárase como valor dos mesmos, para os efectos deste imposto:

- O capital, prezo ou valor pactado ó constituílos, se fose igual ou maior que o resultado da capitalización ó xuro básico do Banco de España da súa renda ou pensión anual.

- Este último, se aquel fose menor.

Artigo 10ª.-

Na constitución ou transmisión do dereito a elevar unha ou máis plantas sobre un edificio ou terreo, ou do dereito a realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie, a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do valor catastral que represente, respecto do mesmo, o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou en subsolo e a total superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

Artigo 11º .-

Nos supostos de expropiación forzosa a porcentaxe correspondente contida no artigo 13 desta ordenanza, aplicarase sobre a parte do xustiprezo que corresponda ó valor do terreo, salvo que o valor definido no artigo 8 desta ordenanza fose inferior, caso no que prevalecerá este último sobre o xustiprezo.

Artigo 12º .-

1. Cando se modifiquen os valores catastrais como consecuencia dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tomarase como valor do terreo, ou da parte de este que corresponda segundo as regras contidas nos artigos 8, 9, 10 e 11 desta Ordenanza, o importe que resulte de aplicar os novos valores catastrais a redución do 40%. A devandita redución aplicarase respecto de cada un dos cinco primeiros anos de efectividade dos novos valores catastrais.

2. A redución prevista neste artigo non será de aplicación ós supostos nos que os valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva a que o mesmo se refire sexan inferiores ós ata entón vixentes.

3. O valor catastral reducido en ningún caso poderá ser inferior ó valor catastral do terreo antes do procedemento de valoración colectiva.

Artigo 13º

1. Para determinar a base impoñible a que se refiren os artigo 7 e seguintes, aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo, determinado conforme o disposto nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12 desta ordenanza, os seguintes coeficientes :

PERÍODO DE XERACIÓN	COEFICIENTE
Inferior a 1 ano	0,14
1 ano	0,13
2 anos	0,15
3 anos	0,16
4 anos	0,17
5 anos	0,17
6 anos	0,16
7 anos	0,12
8 anos	0,10
9 anos	0,09
10 anos	0,08

11 anos	0,08
12 anos	0,08
13 anos	0,08
14 anos	0,10
15 anos	0,12
16 anos	0,16
17 anos	0,20
18 anos	0,26
19 anos	0,36
Igual ou superior a 20 anos	0,45

Non obstante, en ningún caso os coeficientes relacionados no cadro anterior, poderán ser superiores aos coeficientes actualizados ao abeiro do establecido no artigo 107.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo. Nese caso aplicarse directamente os coeficientes máximos legais actualizados.

2. Para determinar o número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento de valor, só se considerarán os anos completos que integren devandito período, sen que a tales efectos poidan considerarse as fraccións de ano. No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, prorratearase o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.

3. Cando, a instancia do suxeito pasivo, conforme ao procedemento establecido no artigo 3.3.e) da presente ordenanza, se constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base impoñible determinada conforme o disposto nos apartados anteriores, tomarase como base impoñible o importe do devandito incremento de valor.

CAPÍTULO VI
Débeda tributaria
Sección primeira
Cota tributaria

Artigo 14º

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo do 25%.

A cota líquida do imposto será o resultado de aplicar sobre a cota íntegra, no seu caso, a bonificación a que se refire o artigo seguinte.

Sección segunda Bonificacións na cota

Artigo 15º.-

1. Gozarán de bonificación nas cotas deste imposto que se devenguen nas transmisións de terreos ou na transmisión e constitución de dereitos reais de goce limitativos do dominio, realizada a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados, os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, segundo a escala que se contén no apartado seguinte.

2. As bonificacións da cota a que se refire o apartado anterior aplicaranse segundo a seguinte escala:

Cota Tributaria	Bonificación
Ata 10.000 euros	95 por 100
De 10.000,01 euros ata 20.000 euros	90 por 100
mais de 20.000 euros	85 por 100

3. A cota tributaria para aplicación da escala de bonificación computarase pola totalidade de inmobles obxecto da transmisión lucrativa a liquidar.

CAPÍTULO VII

Devengo

Artigo 16º.-

1. O imposto devengarase:

a) Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuíto, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b) Cando se constitúa ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior considerarase como data da transmisión:

a) Nos actos ou contratos entre vivos a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun rexistro público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do causante.

Artigo 17º .-

1. Cando se declare ou recoñeza xudicial ou administrativamente por resolución firme ter tido lugar a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou da constitución ou transmisión do dereito real de goce sobre o mesmo, o suxeito pasivo terá dereito á devolución do imposto satisfeito, sempre que dito acto ou contrato non lle producira efectos lucrativos e que reclame a devolución no prazo de cinco anos dende que a resolución quedou firme, entendéndose que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectuar as recíprocas devolucions a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Aínda que o acto ou contrato non producira efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do imposto, non haberá lugar a devolución ningunha.

2. Se o contrato queda sen efecto por mutuo acordo das partes contratantes non procederá a devolución do imposto satisfeito e se considerará como un acto novo suxeito a tributación. Como tal mutuo acordo estimarase a avenencia en acto de conciliación e o simple allanamento á demanda.

3. Nos actos ou contratos nos que medie algunha condición, a súa cualificación farase con cargo ás prescricions contidas no Código Civil. Se fose suspensiva non se liquidará o imposto ata que esta se cumpra. Se a condición fose resolutoria esixirase o imposto,

desde logo, a reserva, cando a condición se cumpra, de facer a oportuna devolución segundo a regra do apartado 1 anterior.

Artigo 18º .-

O período de imposición é o tempo durante o cal o terreo pertence a un mesmo propietario ou o tempo durante o cal unha persoa é titular dun dereito real de goce limitativo do dominio, e computarse a partir da transmisión inmediata anterior do terreo ou dereito real de goce ou dende a data de constitución deste último, calquera que sexa esa data, sempre que tivera lugar dentro dos últimos vinte anos. Se a data fose máis remota, o período de imposición limitarase a vinte anos.

CAPÍTULO VIII

Xestión do imposto

Sección primeira

Obrigas materiais e formais

Artigo 19º .-

1. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar ante este Concello declaración segundo o modelo determinado polo mesmo, contendo os elementos da relación tributaria imprescindible para practicar a liquidación procedente.

2. Dita declaración deberá ser presentada nos seguintes prazos, contados dende a data na que se produza o devengo do imposto:

a) Cando se trate de actos "inter vivos", o prazo será de trinta días hábiles.

b) Cando se trate de actos por causa de morte, o prazo será de seis meses prorrogables ata un ano, a solicitude do suxeito pasivo.

3. Á declaración xuntaranse os documentos no que consten os actos ou contratos que orixinan a imposición.

Artigo 20º .-

As liquidacións do imposto notificaranse integramente ós suxeitos pasivos con indicación do prazo de ingreso e expresión dos recursos procedentes.

Artigo 21º .-

Con independencia do disposto no apartado 1º do art. 19º , están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización dun feito impoñible nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

a) Nos supostos contemplados na letra a) do art. 6º , sempre que se producira por negocio xurídico "inter vivos", o donante ou persoa que constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

b) Nos supostos contemplados na letra b) de dito art.6º , o adquirinte ou a persoa a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real de que se trate.

Artigo 22º .-

De conformidade co artigo 154 da Lei hipotecaria e 414 do seu regulamento, ningunha inscrición farase no Rexistro da Propiedade sen que se acredite previamente o pagamento do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana causado polo acto ou contrato que se solicita inscribir.

Malia o parágrafo anterior, procederase de conformidade co establecido nos artigos 255 e seguintes da Lei hipotecaria.

Artigo 23º .-

Así mesmo, os Notarios estarán obrigados a remitir ó Concello dentro da primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice comprensivo de tódolos documentos por eles autorizados no trimestre anterior, nos que se conteñan os feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impoñible deste imposto, con excepción dos actos de última vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, dentro do mesmo prazo, relación dos documentos privados comprensivos dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos, que lles foran presentados para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. O previsto neste apartado enténdese sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido na Lei Xeral Tributaria. Na relación ou índice que remitan os Notarios ó Concello, estes deberán facer constar a referencia catastral dos bens inmobles cando dita referencia se corresponda cos que sexan obxecto de transmisión.

Sección Segunda

Inspección e Recadación

Artigo 24º .-

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Sección Terceira

Infraccións e sancións

Artigo 25º .-

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que correspondan, aplicarase o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e disposicións complementarias.

Disposición Final

A presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a partir do día seguinte á data da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2022.

O sr. alcalde da conta da proposta de 14 de febreiro de 2022, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 17 de febreiro de 2022.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Téndose confeccionado por esta Alcaldía o Orzamento Municipal do Concello de Teo para o exercicio 2022, e, considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os

artigos 165 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 8, 9 e 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, en materia de orzamentos, propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Facendas e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2022, cun importe total do Estado de Gastos de 17.101.580,22€ e do Estado de Ingresos de 17.101.580,22€ , coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona:

ORZAMENTO MUNICIPAL 2022 - RESUMO POR CAPÍTULOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL (EUROS)
1	Gastos de persoal	5.863.377,46
2	Gastos correntes en bens e servizos	6.676.303,58
3	Gastos financeiros	6.500,00
4	Transferencias correntes	693.775,80
Suman operacións correntes		13.239.956,84
6	Investimentos reais	3.528.013,82
7	Transferencias de capital	7.000,00
Suman operacións de capital		3.535.013,82
Total operacións non financeiras		16.774.970,66
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	326.609,56
Total operacións financeiras		326.609,56
TOTAL ESTADO DE GASTOS		17.101.580,22

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN INICIAL (EUROS)
1	Impostos directos	4.495.000,00
2	Impostos indirectos	150.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2.947.000,00
4	Transferencias correntes	6.689.024,68
5	Ingresos patrimoniais	40.850,00
Suman operacións correntes		14.321.874,68
6	Alleamento de investimentos reais	775.000,00
7	Transferencias de capital	2.004.705,34
Suman operacións de capital		2.779.705,34
Total operacións non financeiras		17.101.580,02
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
Total operacións financeiras		0,00
TOTAL ESTADO DE INGRESOS		17.101.580,02

Segundo.- Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do Orzamento para o ano 2022, que constan no expediente.

Terceiro.- Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia”.

O sr. alcalde explica que traen estes orzamentos por responsabilidade, porque ademais pensan que son os únicos orzamentos posibles, engadindo que vai a explicar porque o consideran así. Indica que dende o punto de vista dos ingresos están axustados ao máximo segundo os ingresos que o Concello tivo o ano pasado, ou segundo as seguridades, porque así xa o trasladaron algunhas Administracións, en canto á participación nos tributos do Estado, por exemplo. Os únicos incrementos constatados nos ingresos responden a comunicacións oficiais ou aos ingresos recollidos os anos pasados, polo tanto a única crítica posible sería o que xa se ten comentado outras veces, a venda dos solares para financiamento dos investimentos, única cuestión que podería ser variable sobre a previsión de ingresos, ou polo menos así o entenden dende o equipo de goberno.

Sinala o sr. alcalde que o se indica con respecto á previsión de gastos, explíctase nesa recollida dun gasto superior ao realizado no pasado ano tanto na enerxía eléctrica como na recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Preténdese ser previsoires, nesa medida, e garantir que o orzamento poida cando menos tamén reducir a posibilidade dun recoñecemento extraxudicial e, en todo caso, hai que ter clara unha cuestión, a referida a que o Concello leva unha década sen subir ningunha taxa municipal, nin tan sequera actualizar o IPC de ningunha taxa municipal, o cal loxicamente ten uns custos. O sr. alcalde pon como exemplo que, no que se refire á

recollida e eliminación dos residuos sólidos urbanos, está en 1.345.000 € e as taxas de recollida de lixo, o único ingreso relacionado con ese tema, ascenden a 590.000 €, o resto son cartos que o Concello subtrae doutras cousas para pagar o lixo. Entende o sr. alcalde que ninguén dos presentes, e mais despois do que acaba de dicir a compañeira do PP, está por subir a taxa de recollida do lixo, e entón as posibilidades de modificación ou de alteración orzamentaria son practicamente nulas, porque se cada vez os custos son maiores e os ingresos se reducen, sen tan sequera actualización do IPC, de aí que consideren que estes orzamentos son os únicos posibles.

Salienta o sr. alcalde que se, por exemplo, hai 150.000 € para bacheos, se pode discutir onde se deberían de investir, pero iso non é unha cuestión orzamentaria, e que deban de existir eses 150.000 € parece innegable e imprescindible.

Explica o sr. alcalde que, por outra parte, son uns orzamentos que actualizan os gastos de persoal, xa que ao Concello non lle queda outra, que non é o que decide canto se sube aos funcionarios pero hai que pagarlles, co cal cada vez a capacidade de manobra cuns orzamentos sen posibilidade de incremento de ingresos nin de actualización de custos queda reducida ao mínimo posible.

Salienta o sr. alcalde que pensa se fixo un esforzo de fixar os investimentos cun grao alto de acordo entre todas as forzas políticas e eses investimentos a realizar durante este ano, que aparecen no plan de investimentos, loxicamente algúns foron incorporados no plan provincial de obras e servizos e outros son con custo a estes orzamentos.

Remata o sr. alcalde dicindo que non pide que ninguén se faga responsable dos orzamentos, pero considera que é unha cuestión de eficacia e ademais de falta de marxe de manobra, tanto por parte do equipo de goberno como por parte da oposición, para plantexar alternativas, polo que se debería viabilizar a aprobación dos orzamentos para poder pagar os gastos de persoal, realizar os investimentos que entre todos se acordaron e para asumir o funcionamento mínimo da Corporación e da administración local.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a concelleira do BNG, sra. Castelao, indica que comparando este orzamento co do ano pasado ven que é de menor contía e

tampouco aparecen recollidas as obras que faltan por facer cos fondos europeos, xa que non aparecen reflectidas. Pensa que a cidadanía debería coñecer que obras quedan por facer e en que prazo se van a executar, mais que nada para que quede constancia de que se aproba, ou non, este documento que se presenta hoxe.

A sra. Castelao refírese ao informe de Intervención, e sinala que no mesmo, un ano máis, se poñen pegas ao sistema de subvencións ás asociacións, debéndose en todo caso recalcar o inflado de ingresos que se fai en varias partidas, e que aparece de novo como ben dixo o sr. alcalde, a venta dos terreos que nunca se cumpre. Nos orzamentos do ano pasado xa aconteceu o mesmo, resultando que se repite o mesmo esquema. Considera a sra. Castelao que non hai vontade de facer ben as cousas.

Pensa a sra. Castelao que o que se pretende é facer cadrar os números, sexa como sexa, forzando un pouco de máis as previsións dos ingresos. Sinala que, con respecto ós 700.000 € de vender as propiedades si ou si, e a que se vai iniciar o procedemento de forma inmediata, como dixo o sr. alcalde o ano pasado, non se volveu a cumprir.

Salienta a sra. Castelao que dende o seu grupo pensan que os orzamentos deben de ser realistas e non se deben de inflar os ingresos porque ao final a verdade sae á luz, tarde ou cedo, en forma, ao mellor, de recoñecemento extraxudicial de crédito, polo que sempre se está nese conto de nunca rematar.

Remata a súa intervención a sra. Castelao dicindo, en relación ao que explicou o sr. alcalde acerca do custo do lixo, que pensa que quizais habería que buscar outra forma de abaratar iso.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus e que di que a verdade é que lle chamou moito a atención o argumentario de defensa do sr. alcalde. Se fai unha chamada á responsabilidade comunitaria da oposición, nunha posición de febleza, de catro contra o resto, que son trece, e entón por eficacia e por manter os salarios e tendo en conta algunha negociación como foi no caso dos investimentos, cando por responsabilidade debería polo menos non facer responsable á oposición.

Sinala que tamén lle gustou moito a frase que o sr. alcalde dixo nas Comisións informativas o outro día, de que pretendía facer estes orzamentos pensando que van

ser os últimos do mandato e que para o ano xa lle deixa á persoa que governe a opción. Recoñece a sra. Lemus que todas as frases son declaracións de intencións.

Considera a sra. Lemus que son uns orzamentos continuistas, que non lle ve maior disquisición, na parte de gastos. Que si que é verdade que despois o sr. alcalde explicará como se fai a incorporación do remanente no caso dos Fondos Europeos, pero si que observa algún elemento, a famosa páxina seis do informe de Intervención, que sempre é a famosa, a que miran todos os concelleiros, que é o inflado de ingresos. Salienta a sra. Lemus que, como ademais gobernaron xuntos, ten que dicir que levaba persoalmente moi mal o do tema das vendas da parcelas, e a venda de patrimonio municipal do solo, ao tratarse dun elemento fundamental para encaixar estes orzamentos. O problema é que principalmente se pasa de que no ano 2021 hai uns ingresos desa parte da páxina 6 do informe de Intervención inflados, como di a Interventora, dun 5%, e pásase a un 16%, polo tanto as posibilidades de que non se cumpra ese apartado dos ingresos aumentan e os riscos son moitos maiores.

Sinala a sra. Lemus que o sr. alcalde fixo unha defensa de por que non fixo unha negociación deste orzamento, porque el pensa que non hai posibilidade de negociación porque non hai posibilidade de cambio alternativo se non se negociaran o aumento de taxas e de impostos. Cree que en dez anos hai que ter en conta as circunstancias, pero si que se pode considerar que tamén é un elemento a favor o feito de que durante estes dez anos non houbo aumento de taxas e de ingresos, pois non foron dos peores anos, senón todo o contrario, e incluso a sra. Calvo comentaba que había remanente, e haino, e superávit. Sinala tamén que tampouco van dicir que sexa tan mala a xestión económica destes últimos anos pero si que este orzamento é continuista é pouco ambicioso. Pensa a sra. Lemus que na xustificación que o sr. alcalde fixo na primeira intervención xa se ve o seu obxectivo, que é cubrir esta fase, esta necesidade de facer orzamentos, tamén para cubrir a parte do aumento dos salarios dos traballadores, meter o anexo de inversións, que é fundamental, sobre todo pola parte de fondos propios que non están incluídos polos fondos POS, pero si que é verdade que non é un orzamento que ofrezca ningún cambio.

Pensa que hai cousas que negociar, e non só inversións, senón que se pode negociar por exemplo un tema que aínda a 23 de febreiro do ano 2022 non ten idea de como vai

ser, que é o da posible licitación do contrato do lixo do que se leva meses e anos falando e cada vez achégase máis o momento e parece que vai ser un elemento habitual neste concello, igual que os recoñecementos extraxudiciais, que é chegar o último momento e facer municipalizacións, ás présas, porque é o único que se pode facer, porque non da tempo a facer unha licitación, aínda que espera que non se faga así. Considera a sra. Lemus que chegados a este punto non van a apoiar o orzamento. Salienta que é certo que hai elementos positivos no mesmo e a parte do anexo de inversión si que foi negociada, e non se discute porque non pensa que ninguén poida discutir este tema, pero aparte dos ingresos cada vez está sendo máis perigoso deixar cada vez máis porcentaxe dos ingresos a elementos dificilmente ponderables ou que dean seguridade á xestión económica deste concello.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo.

A sra. Calvo di que unha vez visto o proxecto de orzamento quere referirse a por capítulos. Explica que, tratándose dos ingresos, no que se refire ao estado dos mesmos está clarisimamente inflado e así o IBI incrementouse de 2,5 millóns a 3,15 millóns, máis de 600.000 €. Pregunta a sra. Calvo a que se debe ese incremento, pois descoñece as razóns, e non sabe se hai tantísimas máis unidades urbanas que tributan no catastro, ou a que se debe, pero pensa que llo informarán despois. Sinala que o Imposto de vehículos de tracción mecánica se incrementa de 833.000 € a 925.000 €, máis de 90.000 €. Di a sra. Calvo que non sabe se é que aumentou tanto o parque automobilístico da veciñanza, ou se se incrementaron as tarifas de impostos que o regula, e polo tanto os veciños van a ter que pagar máis.

Sinala que a taxa de auga se incrementa de 437.000 € a 500.000 €, máis de 60.000 €, e a taxa de saneamento se incrementa de 200.000 € a 255.000 €, sendo máis de 50.000 € de aumento. O prezo público de servizos deportivos se incrementa de 385.000 € a 460.000 €, máis de 75.000 €. Pregunta a sra. Calvo a que se debe isto e se é porque se prevé unha demanda importante destes servizos no 2022.

Sinala a sra. Calvo que, tratándose de transferencia da Xunta de Galicia, o incremento é de 589.000 € a 970.000 €, máis de 380.000 €, supoñendo que se iso é así, está por escrito e hai un compromiso.

Referíndose ás explotacións forestais, pregunta a sra. Calvo se existen taxacións municipais previas para estimar os 40.000 € ou se é froito tamén da inspiración. Salaria que o que máis lle chama a atención e é moi recorrente, e con maior intensidade, é o capítulo 6 de ingresos, alleamentos de investimentos, 775.000 €, e venta de solares 200.000 €. Sinala a sra. Calvo que este tema gústalle ao sr. alcalde, porque senón no o pode entender, porque ademais díselo todo o tempo. Sinala que, tratándose do patrimonio público, se recollen 575.000 €, engadindo que descoñece se existe taxación municipal desas estimacións, aínda que entende que si.

Considera a sra. Calvo que habería que preguntarse o porque de todo isto, e sinala que se pode resumir no de sempre, inflar os orzamentos, porque xa se sabe que iso de inflar os orzamentos de ingresos é limitado e da lugar a maior gasto, pero as consecuencias tamén son previsibles, e xa se están vendo, é dicir, gastar si, pero ingresos realistas non moito.

Sinala a sra. Calvo que, tratándose do gasto, na orde do día do Pleno xa se viu que hai un recoñecemento extraxudicial de crédito, que se votou a favor por responsabilidade, engadindo que non é o primeiro. Pide a sra. Calvo que xa que se inflan os ingresos para dar lugar a máis gasto, polo menos se paguen as facturas e os contratos de fixos e ineludibles para o concello, senón como se explica que se deban as facturas de SOGAMA, a prestación de servizos básica para o tratamento de lixo, e como non se dispón do crédito adecuado. O mesmo podería dicir de COREGAL, do subministro de gasóleo e gasolina dos vehículos municipais, aínda que aí hai que recoñecer que si que hai unha subida desproporcionadísima. A sra. Calvo pregunta se o sr. alcalde pensa que tendo as facturas sen pagar isto dinamiza o municipio, engadindo que ela cree que non, que máis alá das eléctricas hai tamén pequenos empresarios que o están pasando moi mal e teñen que cobrar. Lembra que xa o comentou no recoñecemento extraxudicial e volve preguntar se se está a cumprir a lei de morosidade. Aclara tamén que todo o que ela está a dicir vén reflectido no informe de Intervención, e dicir, non é un invento dela nin unha conspiración. Sinala a sra. Calvo

que sempre intenta ser proactiva e dicir as cousas non politicamente senón para intentar construír un pouco entre todos porque isto ó final é un municipio, que ten que ir para diante, porén un si non llo poden dar.

O sr. alcalde di que vai intentar aclarar un pouco algunha das cuestións. Con respecto á intervención da sra. Castelao sinala que o feito de que aparezan ou non os fondos europeos nos orzamentos non é unha cuestión que decida a Alcaldía, pois son os criterios de Intervención os que establecen que hai que incorporar un remanente de crédito porque son gastos que xa estaban aprobados e polos que xa hai ingresos concedidos por financiamento, por unha parte hai recoñecidos os ingresos dos fondos europeos e por outra parte no que responde á achega municipal está solicitado e concedido un crédito que así se acordou nos orzamentos pasados, para cubrir esa achega. Consecuentemente non poden aparecer, ou non deben de aparecer segundo o criterio de Intervención, nos orzamentos deste ano. Iso non quere dicir que non se saiba, as obras foron aprobadas en Pleno, cos votos de todos, e os proxectos pasaron polo Pleno. Sinala o sr. alcalde que non ten ningún problema en facer calquera aclaración nin do avance das obras nin das poucas que quedan xa pendentes de execución.

Tratándose das subvencións das asociacións pensa o sr. alcalde que é unha cuestión positiva. É dicir, o feito de clarificar e de establecer nos orzamentos que cantidade van a recibir as asociacións culturais, deportivas, cunha traxectoria moi grande, como ASPAMITE, Mulleres rurais, S.R. de Calo, o Cacheiras, tanto en fútbol coma en deportes, e nas Bandas musicais, etc, é o que fai é que esas asociacións podan actuar con previsión, que poden pagar aos profesores, sen cumpriarse, e é unha forma de garantir o seu funcionamento. Pódese discutir se se lle debe de dar máis ou menos, pero pensa que é unha práctica que consolidou moito o traballo das asociacións e ten o absoluto convencemento de que quen veña posteriormente nos anos seguintes vai a seguir con esta práctica porque é o que garante tanto a actividade deportiva, a actividade cultural e a actividade das asociacións de veciños.

Di o sr. alcalde que, tratándose da venda de terreos, se lle "*abre el corazón*" cada vez que ten que falar deste tema. Indica que, como sabe que o que diga se interpretará como se interpretará, o único que pode dicir é que se alguén ten algunha dúbida sobre

a vontade da Alcaldía, do goberno, para vender os terreos, pode consultar ca Secretaría, e con intervención, como está o proceso e como é, xa que non depende do equipo de goberno nada máis que para aclarar o que se lles pregunta. Aclara que o dito non pretende ser unha crítica a eses departamentos, porque teñen o persoal que teñen, e teñen as prioridades que teñen, e é certo que hai que facer as actas das sesións, hai que facer cen mil cousas, hai que solucionar cuestións xudiciais moitas veces, que son prioritarias, e que implican que non se poida ir todo o rápido que sería desexable. Asegura o sr. alcalde que nada lle gustaría máis que telas vendido xa, pero como é *“así de parvo”*, segue confiando que neste ano se vai conseguir, engadindo que el poñeralle todo o seu empeño en conseguilo.

Di o sr. alcalde que non están forzando as previsións de ingresos en absoluto e que despois, na resposta á sra. Calvo, o aclarara.

Con respecto á intervención da sra. Lemus, o sr. alcalde sinala que é certo que os argumentos son os que son, que hai que usar os argumentos que se teñen o cal non quere dicir que non sexan útiles. Salienta que en todo caso á marxe dunha negociación maior ou menor, fíxose un esforzo e antes das comisións pasouse o borrador dos orzamentos por se había algunha valoración ou algunha incorporación que facer, engadindo que sabe que é moi difícil porque unha vez pactados os investimentos o resto das cuestións veñen moi delimitadas, tal e como expuxo anteriormente. Indica o sr. alcalde que veñen sendo case unha réplica, con pequenas variacións ano tras ano, nos gastos, porque non chegou o que había contabilizado para gastos nos residuos sólidos urbanos e meteuse máis. Agora incluíronse case algo máis de 100.000 € a maiores dos que se gastaron o ano pasado, e con iso pensan cubrir esa parte do REC, pero tampouco hai unha garantía total. Segue explicando que, por exemplo, os pagos da recollida de GESECO non se incrementaron, en SOGAMA aumentouse lixeiramente, pero o que desequilibrou totalmente foi a xestión do punto limpo porque entre outras cousas a recollida do papel e o cartón tivo un baixón enorme, e antes era unha fonte de ingresos pero agora é unha fonte de gastos pois na práctica ninguén recolle o cartón, e son 100.000 € ou 150.000 € que desequilibra totalmente o orzamento, tratándose de cuestións que ás veces ocorren sen podelas prever.

Con respecto á intervención da sra. Calvo indica o sr. alcalde que tal e como dixo ten razón, pero na práctica non a ten. Explica que neste caso o informe de Intervención debería de estar referido ao ano 2021 non ao ano 2020, xa que non se pode comparar o que se vai ingresar no 2022 co que se ingresou no 2020. Na famosa páxina 6, vese a liquidación, pero non a do 2021, e a día de hoxe sábese cal foi a liquidación do 2021, e en ningún deses capítulos citados hai un ingreso superior a 5.000 euros a maiores dos recibidos o ano pasado, algo que se pode comprobar. Reitera o sr. alcalde que esa comparación debería de facerse co ano 2021, non co ano 2020. Sinala que, por exemplo, é estraño que se comparen os tributos do Estado do ano 2020 cando se recibiu unha comunicación do Estado dicindo o que se vai a ingresar para o ano 2022, que non é un dato que a Alcaldía saque da manga. Di que pode haber datos nos que máis ou menos eses 5.000 € se poida discutir se se van a conseguir ou non, pero dende logo os tributos do Estado sábese o que se vai ingresar, igual que os ingresos da CCAA, porque o din previamente. Con respecto ao resto, sinala o sr. alcalde que non ten ningún problema en miralos mais detidamente nas oficinas dos servizos económicos, e ver a liquidación a día de hoxe. Os orzamentos están corrixidos con respecto aos ingresos do ano pasado, como por exemplo en relación ás taxas dos servizos educativos. Nestas taxas se contemplaban 200.000 € e pasouse a 100.000 €, e así intentouse axustar ao máximo porque non hai ningún interese en que os orzamentos non se axusten á realidade. Salia que sempre hai unha marxe de error, por cuestións nas que moitas veces non se pode incidir, sobre prezos, o disparo dos carburantes, o disparo da enerxía eléctrica, hai cen mil cousas sobre as que non se pode incidir, pero na previsión de ingresos estes, por moito que diga Intervención, non están inflados e a proba é que se se revisan os ingresos reais do ano 2021 en ningún capítulo se disparan máis de 5.000 €, por poñer un marxe. Si que nalgúns hai correccións de 100.000 € en algún aspecto, polas previsións, por exemplo en asuntos sociais dispáranse moito pero é normal, con respecto ás horas do SAF, por exemplo, que se duplicaron na práctica, e unha parte moi importante delas están financiadas pola Comunidade Autónoma, entón ao incrementar o número de horas aumentan os ingresos provenientes dos servizos sociais da Comunidade Autónoma ou polo POS social da Deputación. Salia o sr. alcalde que todo iso hai que telo en conta á hora de facer os orzamentos.

O sr. alcalde sinala que non pide actos de fe para aprobar os orzamentos, xa que son a responsabilidade do goberno e asúmena, porén o que non admite é que se diga que son uns orzamentos inflados, porque non o son. A única marxe que xa dixo dende o principio, é a correspondente á venda de terreos, engadindo que se non se fai “*fustigarase*” un ano máis, ou “*tirarse dun balcón*”, pero pode terse claro que iso é imprescindible que se faga, e que ademais así llo trasladou a todos os departamentos, entre outras cousas porque vai haber que adiantar moitos dos investimentos dos fondos europeos que se van a recibir porque Europa igual tarda un ano en pagar, e haberá que ter esa liquidez aí para poder facer fronte ás obras que se executaron.

Insiste o sr. alcalde en que o feito de ter ese fondo aí de 700.000 €, que ademais son taxacións, resultando ademais que esas parcelas foron vendidas xa, foron adxudicadas no ano 2012, por ese valor de 700.000 €, as de Augas Mansas en concreto, pero despois de depositar a fianza o comprador volveuse atrás. Lembra que de feito o Concello gañara 30.000 euros aí nesa operación porque a lei obriga a depositar unha fianza despois non puido facer efectiva a compra pero estaba nese prezo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a concelleira do BNG, sra. Castelao, sinala que o seu grupo non quere deixar ao Concello sen a ferramenta necesaria para que os veciños poidan ter unha operatividade no seu día. Salia que eles non os farían así pero queren ser construtivas, polo que van cambiar o seu sentido de voto que tiñan pensado e xa que se os seus votos son necesarios van votar a favor.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que hoxe é o día do cambio de voto. Sinala que isto é como a alta política aínda que ten que recoñecer que lle segue chamando a atención moito dos comentarios do sr. alcalde en relación aos orzamentos, quedándose coa frase que volveu a repetir o sr. alcalde de que para o próximo ano haberá alguén que faga outros orzamentos, e chámalle a atención a súa defensa dos ingresos non inflados porque si que é verdade que no referido á venda de parcelas lévase anos con esta historia, pero pensa que chegados a este punto e despois de levar ano tras ano repetindo o mesmo ao mellor habería que poñer máis medios nos departamentos que se dedican a esas cousas, e cada un asumir a responsabilidade que lle corresponde. Sinala a sra. Lemus que o risco aumentou moito dende o ano pasado respecto á venda de parcelas, refírese á memoria e pensa que o

ano pasado eran 75.000 € os que había previstos e este ano son 700.000 €, que é a cantidade maior. Recoñece que é certo que xa se teñen vendido, ou intentado, e hai unhas taxacións, pero disto hai dez anos e pode ser fácil vender as parcelas, pois o mercado inmobiliario en Teo moveuse moito nos dous últimos anos, sobre todo da vivenda unifamiliar, que está en auxe, pero iso non significa que se vaian vender. Sinala a sra. Lemus que o risco aumenta a medida que se aumenta esa partida de ingresos que non sabe se se vai facer.

Con respecto á liquidación última da cal fala o sr. alcalde a sra. Lemus di que é verdade que nos orzamentos hai que ter un avance da liquidación do ano corrente, e ao mellor si que estaría ben ter esa liquidación.

A Interventora municipal, D.^a Mónica Lado, comenta que si que consta nos orzamentos esa liquidación.

A sra. Lemus sinala que non se lles remitiu esa parte.

A Interventora indica que non está pechada e non o estará ata o 31 de marzo.

A sra. Lemus non desconfía de que exista, pero insiste en que non a tiveron para poder revisar esa parte dos ingresos. Segue pensando, aínda así, que a partida da venda de parcelas e de patrimonio municipal do solo é suficientemente ampla como para poñer en risco a estabilidade orzamentaria, e aclara que eles non van cambiar o sentido do voto.

Intervén a sra. Calvo e di que tampouco quere incidir demasiado en todo o que xa dixo, de feito ela mesma xa recoñeceu a subida dos carburantes sobre todo estando neste momento, no que a ninguén se lle escapa, pero o que si que está claro é que ademais non é este orzamento, xa se viron nos anteriores, que os veciños terán que pagar as previsións deficitarias. A sra. Calvo di que non pon en dúbida a vontade persoal do sr. alcalde pero isto non vai de vontades ou de quimeras, isto teñen que ser presupostos realistas. Entende a boa vontade do sr. alcalde, ou os seus anhelos ou desexos, e tampouco lles pide que se inmolen, senón que simplemente lles da unha recomendación, engadindo que ela non quere ter na súa conciencia iso.

A sra. Calvo di que os orzamentos si que están inflados. Sinala que o documento de Intervención, que ademais é preceptivo, está realizado perfectamente, e non será ela quen poña en dúbida o traballo para nada da Intervención municipal. Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que non quere incidir máis pois pensa que fundamentou suficientemente a súa posición.

O sr. alcalde aclara que en todo caso é certo que o ano pasado non se contabilizara a venta de terreos na práctica porque se recorreu ao crédito, incorporáronse eses 750.000 € cun crédito pedido ás entidades bancarias, que se acordara entre todos.

Sinala que os orzamentos son previsións de ingresos e previsións de gastos, onde hai realmente que valorar como se fixo a xestión deses orzamentos e nas liquidacións. Pensa o sr. alcalde que están sendo moi responsables no sentido de que a pesar da incorporación dos 700.000 € e da imposibilidade para a venta son conscientes e o suficientemente responsables para reducir os gastos e que non quedaran 700.000 € de déficit ningún dos anos. Considera que esa é a maior proba de que, máis alá de que existan as discrepancias que existan, os orzamentos son o que poden ser coa marxe de manobra, que é moi pouca, e axuda a deixar moito máis perfilada, na previsión de que haxa que prorrogar os orzamentos, para que quen estea na Alcaldía no ano 2023 poida iniciar o seu traballo dunha forma máis actualizada, inda que só sexa facendo as previsións de gastos de persoal, que son básicas no Concello, porque se non se paga aos funcionarios si que entón xa non se pode ir a ningún lado.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG), sete votos en contra (7 PP) e catro abstencións (4 PSdeG-PSOE), acorda rexeitar a aprobación inicial do orzamento municipal 2022.

O sr. alcalde comunica que, rexeitada a proposta, vai a proceder a convocar un Pleno extraordinario, previsiblemente para o vindeiro martes para vincular a aprobación dos orzamentos a unha cuestión de confianza.

Sendo as vinte e unha horas abandona o Salón de Plenos a interventora municipal D.^a Mónica I. Lado Varela.

8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO ÁS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO E DEMANDA DOS COMPROMISOS PENDENTES.

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do BNG, D.^a Carme Diéguez González.

A sra. Diéguez da conta da moción do seu grupo de 9 de febreiro de 2022 (rex. entrada nº 552, de 09/02/2022), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de benestar social, igualdade, transportes, turismo, comercio e emprego de 17 de febreiro de 2022.

“Moción de apoio ás mobilizacións feministas do 8 de Marzo e demanda dos compromisos pendentes

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Teo presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Hai xa máis de cen anos que o movemento feminista situou o 8 de marzo como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. No 2022 cúmprense cinco anos desde que o feminismo galego de base comezou a impulsar mobilizacións de apoio e impulso do que coñecemos como folga de mulleres, que puxo o foco no ámbito dos coidados e do consumo alén do económico e laboral e sen esquecer a importancia vital da loita contra a violencia machista.

A folga feminista xurdía coma un movemento internacional froito de varios acontecementos. Entre eles, dúas históricas mobilizacións a finais de 2016 en Polonia (contra o endurecemento da lexislación sobre o aborto) e sobre todo en Arxentina (folga impulsada polo movemento “Ni una menos” após o brutal asasinato de Lucía Pérez). Desde latinoamérica impulsouse un paro cara o 8 de marzo de 2016 que se foi estendendo a outros países, onde tiveron lugar paros tanto produtivos, como de coidados e traballos non remunerados. En Galiza houbo conexión e solidariedade con estas loitas, desde os primeiros apoios simbólicos a folgas históricas precedidas, agás

2021 por mor da pandemia e as restricións de mobilidade, de históricas convocatorias de manifestación nacional en Vigo, Lugo ou Verín.

Durante estes anos, froito da presión social e do avance do feminismo como unha prioridade para cada vez máis capas da sociedade, as institucións víronse obrigadas a reaccionar, como amosou a reapertura da sala de partos de Verín. Sen negar a importancia de avances e pasos dados neste último lustro, neste 2022 os colectivos feministas galegos de base están a apuntar aos compromisos pendentes de realización para que os sucesivos 8 de marzo non perdan o seu significado orixinal, converténdose nunha data rutineira no lugar dun motivo de reivindicación e loita.

A situación económica e social derivada da pandemia da covid-19, á que se suma a situación de precariedade e desigualdade previa, acrecentada polas decisións tomadas na crise financeira de 2008, recae de forma importante nas mulleres galegas. Segundo o último informe do Foro económico galego, de decembro de 2021, podemos constatar o maior impacto da crise entre as mulleres. Por exemplo, o 75,5% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galiza no último trimestre de 2021 foron mulleres, o emprego temporal medra máis nas mulleres, un 13,5% fronte a tan só un 3,2% entre os homes e teñen a maior taxa de temporalidade (28,2% fronte ao 23,9% no caso dos homes). Ademais, debemos recordar que malia as declaracións de intencións, a ilegal fenda salarial segue a ser unha realidade que en Galiza supera os 4.000 euros ao ano.

Á situación de desigualdade laboral, que o incumprimento da promesa de derogación da reforma laboral do PP por parte de PSOE e Podemos vai agravar, súmase a desigualdade derivada da falta de servizos públicos, que alimenta unha economía mergullada na que milleiros de mulleres traballan sen recoñecemento e condicións dignas. Así mesmo, seguen pendentes compromisos como a demandada ratificación do convenio 189 da OIT, que o goberno do Estado dicía ter en marcha hai un ano, máis aínda non se verificou e que é clave para a dignificación e protección das traballadoras do fogar.

No ámbito galego a Xunta de Galiza limítase a aprobar plans propagandísticos que non teñen o orzamento e seguimento adecuado, e a incumprir a súa propia lei, como amosa o feito de que nin sequera teñan impulsado o correspondente Plan de igualdade no ámbito da función pública galega ou que se neguen a cumprir a lei de igualdade e elaborar unha estatística que amose o valor para a economía galega do traballo doméstico invisible que realizan millóns de galegas e amose a desigualdade real no reparto dos tempos nos fogares. Entre outras promesas incumpridas, podemos recordar que en marzo de 2019 o BNG impulsou un acordo no Parlamento Galego para

o impulso de cláusulas de igualdade que o Partido Popular non pon en marcha. Así mesmo, desde hai anos reivindicamos a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004, para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade. A Xunta aproveitou o 25 de novembro de 2021 para prometer que reformaría aspectos, mais a día de hoxe nin se coñecen propostas nin hai un traballo de diálogo e participación co feminismo e coas organizacións sindicais.

Neste 2022 as mobilizacións arredor do 8 de marzo deben servir para sermos conscientes das cuestións pendentes e inaprazables da axenda feminista. Por estes motivos, desde o Bloque Nacionalista Galego queremos recoñecer o papel do feminismo galego e instar ao cumprimento por parte das administracións dalgunhas das máis urxentes.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumprido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do

movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5º Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a M.^a Dolores Nariño Facal.

A sra. Nariño di que primeiro queren manifestar o respecto e apoio a prol da igualdade e o compromiso firme dende o seu partido, que se vén plasmando en datos obxectivos ano tras ano. Sinala que lle gustaría deixar reflectido que un dos datos da Consellería de emprego e igualdade é que se destina á área de igualdade 31,4 millóns de euros, isto é máis dun 14% respecto ao ano 2021, e é máis dun 24% respecto ó ano 2020, co cal pensa que por iso deben de continuar dende logo neste senso porque cree que é unha loita de todos e dende o grupo vaise apoiar a moción.

Intervén a concelleira de Son de Teo, sra. López, que di que van apoiar a proposta. Aclara a sra. López, pois pensa que non se dixo en ningún momento, que dende o departamento de Igualdade, no CIM, agora mesmo hai unha Axente de Igualdade, cunha subvención, e tamén estará polo mes de marzo, que pensa que é algo do que hai que congratularse e que xa está traballando implementando un pouco o traballo da Concellería pero que xa leva traballando dende xaneiro.

As/os concelleiras/os non fan uso da segunda quenda de intervencións.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 7 PP e 2 BNG), acorda:

1º Expresar e recoñecer as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2022 sinalan os compromisos pendentes e incumpridos por diferentes institucións e ámbitos de responsabilidade e colocan novamente no centro do debate político e social as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político, agravadas polo impacto da pandemia da covid-19, e expresar o compromiso desta corporación para traballar contribuíndo a superar esta situación.

2º Demandar da Xunta de Galiza o cumprimento do compromiso incumprido desde marzo de 2019 de impulsar cláusulas de igualdade na contratación pública galega contemplando, a partir do diálogo coas organizacións sindicais e sociais, as seguintes medidas: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación, así como unha comisión responsábel do seguimento do proceso, un informe anual, unha partida orzamentaria para sufragar a implantación e o impulso aquelas modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

3º Demandar da Xunta de Galiza a elaboración dunha nova Lei de igualdade que substitúa a 7/2004 para adaptala á realidade do século XXI e ás demandas do movemento feminista atendendo, de maneira específica, ao fomento da corresponsabilidade.

4º Demandar do goberno central que non siga demorando a tramitación da ratificación do convenio 189 da OIT e atenda as demandas dos colectivos de traballadoras do fogar para avanzar na súa dignificación e protección.

5º Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á Comunidade autónoma galega. Así

mesmo, demandar da Xunta de Galiza o impulso da creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias.

9.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto décimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

As concelleiras do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Castelao pide que se atendan ás entradas das casas da zona da Cascalleira, engadindo que moitos veciños descoñecen por que non se optou pola rúa Cardide, para non ter que ir á rúa xeral, aínda que supón que será de propiedade privada.

O sr. alcalde di que esa rúa existe pero na metade, antes de chegar ao colexio, acaba en leiras privadas, e a lei impide a apertura de camiños que non están contemplados nin no PXOM nin en ningún outro lado. Ao equipo de goberno tamén lle parecería unha boa solución pero legalmente é imposible.

A sra. Castelao entende que con respecto ó arranxo das entradas das casas si o permitirá a lei.

2.- A sra. Castelao pregunta pola obra da Travesía da Ramallosa. Sinala que dende o cruce que vai para Cajaraville ata a rotonda que vai para o ximnasio, a obra para meter a fibra que se fixo sobre maio quedou moi mal, e enriba de non ter fibra deixaron a beirarrúa feita un desastre. Entende que quizais non sexa competencia municipal, pero pide que se tente facer algo.

O sr. alcalde manifesta que é a primeira queixa da que hai constancia ao respecto. En relación á fibra di que hai que ter en conta que se concedeu polo ministerio un novo prazo ata setembro deste ano e ata que completen a instalación non van dar servizo. Tratándose da non reposición en condicións adecuadas da obra, sinala que se comprobará polos técnicos, aínda que non se trata dunha obra municipal, polo que, no seu caso, o aval estará presentado diante da Consellería. Sinala que, en todo caso, toma nota para tentar aclarar a situación.

3.- A sra. Castelao sinala que nesa mesma estrada só hai un paso de peóns nunha distancia moi grande. Indica que se alguén, por exemplo, que vive xunto a rotonda que vai para o ximnasio, quere ir ao ximnasio, tería que ir cruzar diante do Concello ou atravesar por onde non hai pasos de peóns.

O sr. Igrexas contesta que están solicitados dende hai tempo.

A sra. Castelao pide que se insista.

4.- A sra. Diéguez sinala que, en relación ás acacias que se cortaron na Torre, quedaron alí os restos do que se cortou pero non é só iso, senón que agora a veciñanza está facendo alí un vertedoiro. Sinala a sra. Diéguez que ela non o foi a ver, pero que lle informaron varios veciños e solicita que dende o Concello se lle vaia botar un vistazo e tentar solucionalo.

O sr. Igrexas indica que se retirou o material, aínda que puido quedar algún resto, pero que se irá mirar.

5.- A sra. Diéguez sinala que tamén lle din que nas beirarrúas, sobre todo de Cacheiras, hai moita camelia e moita flor e sobre todo cando chove fan que se convertan case nunha pista de patinaxe, polo que pide que se limpen esas flores.

6.- A sra. Diéguez di que quere reiterar o que xa comentara noutros plenos acerca da iluminación da travesía de Montouto, nos números 24 e 26. Di que dispoñen de imaxes e vídeos que poden trasladar ao equipo de Goberno nos que se pode ver que a rúa está totalmente a escuras.

Di a sra. Diéguez que, con respecto a este tema, quere aproveitar para facer unha suxestión acerca de racionalizar a iluminación. Sinala que, por exemplo, onde o Santuario das Cabezas hai luz toda a noite e non se precisaría, polo que nalgúns puntos de luz igual se podería por un temporizador para que se apagase a certas horas, ao non ser precisa toda a noite, o que si sería viable e necesario noutros puntos, como é o caso da Travesía de Montouto. Sinala que así mesmo, por exemplo, o carreiro que vai por onde o regato de Feros, onde hai un banco con mesas, alí non sería precisa a luz encendida toda a noite.

7.- A sra. Diéguez sinala que en Rivas habería que limpar a folla que está podrecendo. Descoñece se é que non houbo tempo ou se se lles esqueceu, ou se non teñen pensado pasar a limpar.

8.- A sra. Castelao sinala que no outro pleno o equipo de goberno non era coñecedor das humidades que hai ao lado do arquivo, e agora si. Pregunta se foi visitado por algún técnico ou algo para que o miren porque a verdade é que os despachos eses teñen unhas manchas que non sabe que son, pero que nunha obra que se fixo fai relativamente pouco tempo non é lóxico que as haxa.

O sr. Igrexas sinala que pronto se poderá dar unha resposta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE formulan os seguintes rogos e/ou preguntas.

1.- A sra. Lemus indica que hai xa un tempo que fixeron unha pregunta, comentada tamén no anterior pleno, sobre a obra de aglomerado de Fornelos, da opción de meter primeiro o saneamento naquelas casas aproveitando a obra de aglomerado. Pregunta así mesmo se sería posible, aínda que o ve menos probable, a ampliación cara ao cemiterio, pero sobre todo agora mesmo case interesaba máis o saneamento nas casas. Lembra a sra. Lemus que no seu momento quedouse en que se ía falar na Xunta de portavoces, ao igual que o saneamento de Rivas, e ao final non se falou, e por iso o pregunta neste intre.

O sr. alcalde indica que no día de mañá remitiralle o orzamento do que se dispón, e tamén algunha dúbida con respecto ao tema.

2.- A sra. Lemus manifesta que os condutores de Mombús transmítenlle que coa senda que vai dende Reis a Luou agora teñen un problema cando paran en determinadas paradas, sobre todo a de Bouñou e Fornelos, pois non teñen sinalización nin vertical nin horizontal. Piden, de ser posible, que se sinalen dalgunha forma.

Sinala a sra. Lemus que tamén comentaba unha das condutoras que na parada do cruce de Solláns estase parando agora mesmo xusto no cruce, e que está sendo moi perigoso sobre todo porque dun tempo a esta parte acumúlase xente e cada vez empeza a ser máis perigoso. Pide a sra. Lemus se se pode mirar a posibilidade de cambiar esa parada a de onde está a do Teobus.

O sr. alcalde comenta que aí incluso tiveran unha metedura de pata, pois decidírase a instalación da marquesiña alí, considerando que era terreo público, fíxose a base de formigón e despois déronse de conta de que metade da localización é terreo privado, co cal houbo que levantala e non hai outra posibilidade de colocación en Solláns. Salienta que se a xente non colabora non se pode por en ningún lado, e é unha pena porque hai financiamento.

A sra. Lemus pregunta se nalgún momento se falou coa asociación de veciños e pide que se faga porque ao mellor logran algún tipo de colaboración.

3.- A sra. Lemus interésase pola pregunta que fixo por escrito sobre os problemas de seguridade viaria en Texexe, engadindo que descoñece se hai algún informe policial ao respecto, pois é un cruce complicado.

4.- A sra. Lemus pregunta polas últimas novas sobre os Tilos, di que lle chamou moito a atención todo o tema, e sinala que entende que isto vén dalgunha reunión que houbo entre a veciñanza e o concelleiro. Quere saber a que se debe exactamente o descontento dos veciños, pois sabe que hai un escrito que se fixo público, bastante duro, e quería saber cal era a posición do concelleiro, sobre todo dun aspecto que lle chamou moito a atención, que é o relativo a que o arquitecto municipal non fixera ningún proxecto de rehabilitación, ou como se non quixera ir, pois non entendeu esa

parte do escrito. Agradecería que fixera unha valoración desa reunión e do que se comenta nese escrito veciñal.

O sr. Igrexas di que con respecto a esa reunión hai cousas que non recoñece, di que falou despois co presidente da asociación de veciños dos Tilos e quedaron para ter unha reunión conxuntamente co arquitecto municipal, que aínda non se puido celebrar porque este está no seu período de vacacións, polo que será a semana que vén. Di que, evidentemente, o arquitecto municipal quere falar porque coñece perfectamente a realidade da EIM dos Tilos.

Continúa explicando que non hai unha documentación da reunión, que basicamente tratáronse de expoñer unha serie de criterios que hai que valorar desa escola. A escola está perfectamente, non hai ningún plan para pechala, vai funcionar, ou está previsto que estea en funcionamento ata o ano 2025, ata setembro, que é cando remata o convenio. A seguinte Corporación que saia das eleccións do ano 2023 terá que tomar unha decisión sobre como actuar en consecuencia cando iso suceda.

Entende o sr. Igrexas que parece ser que hai unha falta de mantemento, segundo o escrito, cando é a escola na que máis se inviste. Nos últimos anos fíxoselle un parque exterior novo, cambiouse o chan, cambiouse enteira a cociña, pintouse, fíxoselle un tabique que indicou o arquitecto técnico para evitar humidades dende a parte inferior do subsótano, e cambióuselle todo o chan do patio interior. É dicir, cada ano estanse facendo inversións gordas alí. Ademais tamén a cuadrilla do Concello foi en innumerables ocasións, pois houbo un tempo no que había inundacións recorrentes, de orixe descoñecida.

Comenta o sr. Igrexas que descoñece exactamente o que se decidirá, ou as preguntas que haxa que facer aos técnicos, pero si que é certo que terán que respondelas eles, pois el só pode responder sobre criterios de xestión dunha escola infantil, pero non vai entrar na valoración de, por exemplo, cales son as mellores obras ou as solucións técnicas para evitar certas cousas. Indica que todo o que se fixo está asesorado, pois evidentemente el non é experto en paredes transventiladas, por exemplo.

Salienta o sr. Igrexas que o que si é certo é que a EIM dos Tilos ten un problema engadido a nivel de xestión que é que depende toda a electricidade e toda a

calefacción do edificio enteiro. Non hai uns contadores individuais e non se poñen porque habería que facer toda a instalación nova, o que suporía un desembolso económico que nun edificio que en principio pode rematar a súa concesión en 2025 non parece moi sensato. Ademais que tería outro problema a maiores, pois habería que pechar a escola para facelo, e iso implicaría unha serie de problemas, que é un dos temas que aparece aquí. Remata o sr. Igrexas a súa intervención sinalando que o resto falarase na reunión cos técnicos.

A sra. Lemus pregunta canto tempo hai que se abriu a escola dos Tilos.

O sr. Igrexas manifesta que o estivo consultando e que, pola documentación dos arquivos, non se sabe exactamente. Sinala que en principio é unha cesión do ano 1997 por 28 anos, e hai que coller esa data, porque non hai outra, engadindo que a el estráñalle que sexa unha cesión por un número tan pouco habitual. Indica que si que hai un documento anterior no arquivo, pero sen asinar, que fala de 30 no ano 1995, polo que entenden que levará aberta dende o 1995 ou 1998, aínda que non o pode concretar.

A sra. Lemus comenta que lle parecen moitos anos para non ter valorado nada dende entón, porque é verdade que agora dise que quedan catro anos de concesión, pero poderíase ter valorado antes, sabendo a existencia dese prazo. Agarda que se manteña, a non ser que se abra outra escola na zona. Con respecto ás obras entende que non debería de haber problema, pois é certo que as EIM poden pechar un mes, normalmente en agosto, para estas obras de mantemento. Tamén sinala que o outro día no Pleno sorprendeulle o argumentario do sr. Igrexas sobre todo na parte do ascensor como eiva, cando ela pensa que é un elemento de accesibilidade bárbaro, tendo en conta que hai centros educativos sen ascensor, e que si que supón un problema tremendo polas alturas. É un elemento de accesibilidade que pensa que debe de ser valorado e non considerado unha eiva. Sinala a sra. Lemus que durante o tempo que foi concelleira de urbanismo en ningún momento se lle plantexou un proxecto de rehabilitación, senón o tería feito, como tantas outras cousas.

Sinala, e pide que o sr. Igrexas tome esta frase coma unha suposición, ao non ten probas ao efecto, que ao mellor se están facendo valoracións técnicas sen ter os informes técnicos necesarios, e iso está levando a confusións e dúbidas.

Pide a sra. Lemus que o sr. Igrexas saia a defender a EIM dos Tilos pois pensa que non se debe de deixar a idea, en pleno momento de matrícula, de que é unha EIM con eivas, e que foi o que se dixo no Pleno anterior, cando ela pensa que está dando un servizo importante non só aos Tilos senón ao resto do Concello.

Dirixíndose ao sr. Igrexas, a sra. Lemus di que ultimamente observa que hai problemas de coordinación ou de entendemento entre ambos, no pasado Pleno cos informes da Xunta e no día de hoxe cos informes municipais. Recoñece que é certo que logo de revisar os informes da Xunta é certo que as eivas indicadas son mínimas e adianta que vai solicitar os informes da Xunta referidos ás outras escolas, para ver que diferenzas pode haber, pois as dos Tilos son mínimas. Refírese a sra. Lemus as catro incidencias que se relacionan no informe, esquinas perigosas que non están debidamente protexidas no patio interior de xogos, que a porta corredora do aseo do patio interior non ten un sistema antipillados, pois púxoselle un taco na parte inferior da porta pero non é suficiente, a presenza de pinzas de reducidas dimensións en aulas que poden supoñer un risco para os nenos, e que se constata que o centro non ten detectores de fumes en todas as dependencias pois faltan no aseo do persoal.

Entende que estes catro elementos son mínimos e calquera Administración competente os pode emendar, polo tanto se nalgún momento ela entendeu que había informes da Xunta desfavorables non foi así, e agarda que se solucione canto antes e que queden tranquilos os veciños dos Tilos e o resto dos veciños que usan a EIM.

O sr. Igrexas manifesta que vai responder por partes. Dunha primeira parte, indica, cando a sra. Lemus estivo no goberno, e tamén antes, as visitas ao centro co arquitecto foron constantes, sobre todo porque había problemas serios de humidade, pois tratábase dun sótano, e eran humidades estruturais. Estas eivas aparecen nalgunhas das anotacións da Xunta, o que pasa é que moitas delas non se entendían, pois eran ilexibles xa que ao estar manuscritas xa eran ilexibles no seu día, ao ser papeis autocalcantes, e co paso dos anos foron diluíndose máis.

Con respecto ao tema do ascensor sinala que pode ser que non se explicara ben. Di que o ascensor evidentemente nunha escola é un elemento de mobilidade, mais nesta escola infantil representa un problema porque os patios deberían de estar ao mesmo nivel que as aulas, porque os nenos de 0-1 e de 1-2 teñen unhas dificultades de movemento evidentes. O ascensor leva 2 anos pechado polo protocolo COVID, pois impídese a utilización de ascensores nos centros educativos, de feito ten un cartel indicando que non se pode utilizar.

Entende o sr. Igrexas que a EIM dos Tilos é unha escola que ten un funcionamento igual de óptimo que o resto, é unha escola que presta o seu servizo pero é unha escola antiga, feita nun sitio non pensado para unha EIM, entón os límites estruturais desa escola existen. Entende que é unha evidencia e que non vai dicir que é unha escola que no seu día foi pensada para EIM, porque non o é, senón que é un espazo no que se meteu unha EIM e este feito deriva nuns problemas, aínda que ningún deles aparece reflectido como definatorio dun peche. Sinala que é evidente que se aparecera nunha acta que a escola dos Tilos tiña unha eiva importante para o seu funcionamento habería que pechala no prazo dun mes. Insiste en que non ten ningún elemento deses, pero que hai un conxunto deles que fan que esa escola teña un futuro incerto a medio prazo como espazo, porque en calquera momento vai xurdir outra normativa que poida facer fincapé nalgún dos elementos que ten. Insiste o sr. Igrexas en que el non di que a EIM dos Tilos non funcione ben.

Aclara que esta semana convidou aos grupos da oposición que non coñecían a escola a que a viran e os que foron puideron comprobar que a escola está funcionando ben e é perfectamente operativa, e tamén comprobaron cales son as súas limitacións. Non hai ningún interese en que esa escola non funcione ou se peche porén simplemente tampouco se pode dicir que non ten os problemas que ten.

A sra. Lemus sinala que hai un problema de interpretación, porque entende que este tema non xurdiu porque si. Lembra que o comentou o sr. Igrexas nunha Xunta de portavoces, na que dixo que habería que pensar, a curto prazo, non a medio, en pechar a EIM ou facer unha nova instalación, e manifestou ademais que el mesmo era partidario de ampliar a da Ramallosa. Sinala a sra. Lemus que se lembra porque o sr. Guerra preguntara se se falara deste tema coa veciñanza dos Tilos.

Di a sra. Lemus que os temas se crean como se crean, pero que si é verdade que tamén teñen fácil peche, e agora mesmo estase nunha dinámica que ve de difícil peche. Pensa que todo será cuestión de ser un pouquiño máis contundentes nas frases, pero observa que a cousa se está liando e ademais o enfado dos veciños cada vez é maior. Sinala que falaban o outro día de *Tilosfobia* e ela sempre di que a veces estas frases son moi rimbombantes pero si que se xunta a fame coas ganas de comer, porque está o problema co centro de saúde, xúntase agora o da EIM, e pecharon bancos, pechou Correos, é dicir, Tilos está sufrindo que desaparezan servizos e si que é verdade que é unha urbanización que moita xente de Teo di que é privilexiada e pensa que o que hai que favorecer como Administración Pública é que as zonas de Teo se igualem por arriba e non por abaixo, e non hai que baleirar unha zona para mellorar outras. Di a sra. Lemus que preferiría que se fose máis contundente na defensa e que se acabe con este tema.

5.- A sra. Lemus di que outra veciña avisou de que parte do parque está sen alumeado dende hai varias semanas, incluída a praza. Pide a sra. Lemus se se pode mirar.

Sendo as vinte e unha horas e corenta e un minutos sae do Salón de Plenos a concelleira do PP, sra. Rosende, que se incorpora pasados dous minutos.

6.- Pregunta a sra. Lemus se nalgún momento se considerou a posibilidade de colaboración coa ANPA do Cra de Teo pola conciliación, porque viña na prensa que había 17 ou 18 nenos no CRA de Teo e chama a atención que teña máis nenos en conciliación a ANPA do CRA que o propio Concello. Gustaríalle saber se, como xa se plantexou nalgún momento incluso por parte da AMPA, se mirou.

O sr. Igrexas sinala que como ben sabe a sra. Lemus si que se falou, pois ela mesma estaba na xunta de goberno na que se comentou. O que propuxo o CRA de Teo era, directamente, que se fixera unha actividade de conciliación única e exclusivamente para os nenos do CRA de Teo con horario distinto e limitada aos seus propios nenos, nun espazo distinto que as outras conciliacións. O Concello de Teo é unha Administración Pública que presta un servizo público para todos os nenos e nenas de Teo, e hai unha normativa, un regulamento, que establece como son as actividades de conciliación. En ningún momento se pode excluír a unha sede de conciliación en

función de a onde van, ou deixar de ir os nenos que o solicitan, porque directamente poden non estar escolarizados neste municipio. Soamente teñen que ser veciños/as do municipio. Polo tanto era literalmente imposible asumir a demanda dunha conciliación exclusiva e a medida para un determinado grupo de pais. Indica o sr. Igrexas que hai varios nenos do CRA de Teo na conciliación, en todos os momentos, e que no entroido este ano debe de ser o ano que máis usuarios ten a actividade de conciliación. Empezouse a facer hai dous anos e as actividades de conciliación son evidentemente para persoas e familias que necesitan unha conciliación e o entroido é practicamente unha época do ano na que moi poucas familias reclaman ese servizo, de feito o ano pasado había uns sete nenos e nunca chegaron a dez, e este ano chegan a dezaseis. Sinala o sr. Igrexas que é distinto as actividades que se poidan dar de tempo libre. A conciliación ten a función de coller nenos e nenas dende as 7.30 ás 15.30 horas e dar alimentación, que é un dereito dos pais e nais e das familias en xeral que levan os seus nenos a este servizo, e polo tanto hai unha homoxeneidade na prestación dese servizo. Reitera o sr. Igrexas que non se poden facer servizos adaptados e fóra dunha normativa.

A sra. Lemus di que é certamente curioso que unha ANPA teña máis máis xente na conciliación que o propio Concello, polo que ela o valoraría.

O sr. Igrexas reitera que xa se valorou, pero que os servizos públicos si que teñen que ter unha seguridade xurídica. A nivel de quedar ben pódese tentar quedar ben de moitos xeitos pero hai veces que ese quedar ben a corto prazo acaba implicando un problema a longo prazo. Polo mesmo xeito de que a ANPA do CRA solicita este servizo mañá podería ser directamente que a ANPA de Tilos solicitara un servizo apropiado a Tilos e que fora distinto á Ramallosa, entón estaríase chegando perigosamente a non dar un servizo homoxéneo e cos mesmos dereitos a todos os nenos e nenas. Entende o sr. Igrexas que calquera pai e nai que necesite unha conciliación dende as 7.30 ás 15.30 da tarde ten aberta esa conciliación, que nin sequera se fai en todos os lados, porque nas épocas de menos demanda, como é esta do entroido, só se fai na Ramallosa, non se fai en ningún outro colexio, porque precisamente non hai a demanda suficiente, polo tanto non se entende, se non hai demanda suficiente no

público, duplicala soamente para os nenos dun CRA, neste caso, ou de calquera outro colexio.

7.- A sra. Argibay di que no día de onte houbo consello escolar no CEIP dos Tilos e a comunidade escolar amosou unha grande preocupación pola situación en precario do conserxe, engadindo que imaxina que o Concello xa está ao tanto. Considera que o conserxe é un servizo fundamental para o bo funcionamento de calquera centro escolar e nos Tilos agora mesmo non o teñen. Explica que, segundo lle comentaron, estiveron vinte días sen conserxe e agora parece que hai unha persoa contratada por un mes. Pregunta a sra. Argibay cando se pensa convocar esta praza e por que se tardou tanto en cubrir, engadindo que quere amosar a preocupación pola marxinación que está a sufrir unha vez máis este centro respecto do resto dos centros do Concello.

A sra. López di que o tema o controla ben e asegura que máis preocupación que a súa e a do director do CEIP dos Tilos, Arturo, non a ten ninguén. O caso do conserxe dos Tilos é un caso que xa se sabía. Esa persoa, que levaba moitos anos prestando o servizo, xubilouse, e sabíase a data de xubilación pero como ben é coñecido os procesos da Administración Pública non se poden adiantar e así, se houbera, por exemplo, unha baixa de maternidade, non se podería contratar unha persoa ata que non se cursara a baixa oficialmente, e no caso da xubilación é o mesmo.

Explica a sra. López que unha vez que ten lugar a xubilación oficial, que ademais foi previa pois lle correspondían uns días de vacacións, xa se puido iniciar o proceso. O Concello ten a obriga de adaptar a praza a unha persoa doutro departamento e ese foi o proceso que se puxo en marcha, porén ese proceso non é inmediato. Durante tres semanas estívoase cubrindo, polo tanto, cos conserxes propios do Concello, é dicir, a conserxe deste edificio e o conserxe-enterrador, cubríndose horas e completándose o servizo con Protección civil. Pero non era suficiente, e así o expresara o director do Centro por escrito, e tamén houbo varias reunións co ANPA, e ata o 10 de marzo non se incorporaba a persoa nova, pois estaba de vacacións, polo que se decidiu cubrir o posto cun servizo aparte, e foi o que se fixo. Sinala a sra. López que quizais non estivo ben e pide que se alguén ten algunha outra idea de como se faría sempre sería benvida, pois é unha cuestión á que se lle deu moitas voltas.

A sra. Argibay comenta que se xa se sabía con anticipación o da xubilación poderíase polo menos promover unha bolsa de persoal ou algo similar, pero deixar tres semanas a un colexio sen conserxe non é de recibo, e incluso ata se falou de pechar o colexio se segue o funcionamento como está. Insiste a sra. Argibay en que a comunidade educativa está moi enfadada ao respecto, engadindo que ela simplemente traslada o que lle dixeron. Pregunta a sra. Argibay se se coñece quen vai cubrir a praza.

O sr. Igrexas sinala que se trata dun asunto de persoal e non de educación. As prazas dos conserxes non se poden cubrir, xa que non son prazas que estean dentro da estrutura administrativa xuridicamente. De feito é coñecido o caso dun compañeiro do PSOE, como foi o alcalde de Brión, que para presionar foi el a abrir directamente o centro durante mes e medio. Entón, como esa praza non se pode convocar, directamente o que se fai é adaptar a praza dentro de traballadores do Concello que se trasladan temporalmente a prestar ese servizo. Cando hai un traballador con respecto ao que, por algunha razón, existe a obriga legal de adaptarlle unha praza, e non é un traballador cuxa praza suxeita a subvención, é dicir, cunha serie de circunstancias, pódese iniciar este proceso de adaptación. Explica o sr. Igrexas que vai a ir unha persoa da brigada de parques e xardíns a asumir esa praza, porque ten unhas condicións físicas que lle dificultan o desempeño do seu posto de traballo, porén non é un posto de traballo que sexa en propiedade, no sentido de que esa praza non se pode cubrir.

A sra. Argibay sinala que haberá que cubri-la dalgunha maneira, ao que responde o sr. Igrexas que do mesmo xeito que están cubertas outras. Engade que a persoa que se traslada estaba de vacacións e viña procedente dunha baixa, entón a xente cando ten baixas dun ano ao chegar ao ano seguinte colle dous meses de vacacións.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Sánchez pregunta pola obra de Feros, da que se falou no último Pleno, por se se fixera algo. Lembra que se refire a que baixando cara o regato a auga está minando a carreteira por debaixo.

O sr. Igrexas comenta que romperon os dous últimos tubos e entón en vez de levar a auga ata o final o caudal sae uns metros antes. Explica que se encargou unha valoración, porque é certo que hai unha erosión importante na carreteira.

2.- Sinala o sr. Sánchez que faloron cos comerciantes de Cacheiras, e tamén houbo informacións na prensa ao respecto, e é un tema preocupante, pola presenza de vehículos que empregan as prazas públicas para facer negocio de compravenda. Pregunta se hai algunha forma de intentar evitar esta cuestión, pois os comerciantes vense moi prexudicados xa que a clientela non pode aparcar e as multas por aparcar mal son frecuentes.

A sra. López sinala que efectivamente os comerciantes fixéronlle chegar esas inxedanzas, que ela descoñecía totalmente. Sinala que non é fácil, a pesar de que pode ser “voz pópuli” para eles, e que parece ser que o poden constatar, pero o que di a Policía local é que se se estaciona menos de 48 horas, só con que se mova o coche dun lado a outro, non poden multar. En calquera caso comparte cos comerciantes de Cacheiras a preocupación polo estacionamento e xa o dixo esta semana, cando a chamaron varios medios por ese motivo, que non cesa no seu empeño en atopar un aparcadoiro, non só en Cacheiras, senón en todo o corredor de Montouto a Cacheiras, porque ademais non ten nada que ver a zona de Gadis coa do medio nin coa de abaixo, e que en calquera delas hai problemas para aparcar. Manifesta que calquera idea é benvinda, pois en principio a compra de fincas parece que está complicada.

3.- O sr. Sánchez sinala que hai unha obra abandonada en Riveira ou Raxó, e pregunta se hai algunha información ao respecto, se ese solar sería practicable para poder facer algo aí a ese respecto.

O sr. alcalde responde que é un terreo particular, que por suposto pódesele esixir limpeza, que é o que se vén facendo, e reposición das vallas cando rompen, pero máis alá diso non se pode facer nada.

O Sr. Guerra di que pode ser de un banco.

O sr. alcalde responde que se mirará. Di que pode asegurar que se fixeron negociacións ou intentos de negociacións con polo menos catro particulares para dotar tanto na zona baixa, nas proximidades do vello campo da festa, coma na parte alta, por onde está o Che, na parte posterior, e todos con resultados infrutuosos. Pensa que a xente ten unhas expectativas urbanísticas desmesuradas, e non só se negan a plantexarse ventas senón tan só alugueiros. Estudarase ben calquera opción que alguén suxira. Sinala o sr. alcalde que incluso se chegou a negociar co “banco malo”, pero tamén teñen uns prezos desorbitados.

4.- O sr. Guerra pregunta pola varanda de xunto o muíño, da cal xa ten falado noutra ocasión.

O sr. alcalde di que hai uns orzamentos solicitados.

5.- O sr. Guerra pregunta pola fibra óptica dos Verxeis.

O sr. alcalde responde que tiveron unha reunión precisamente con Telefónica no día de onte, e que o problema é que a canalización ao longo de toda a 841 teñen que renova-la si ou si e que están pendentes da autorización, pois teñen as solicitudes presentadas na Consellaría. Explica que de todas formas o Ministerio concedeulles unha ampliación do prazo ata agosto ou setembro, polo tanto, toda a parte cara ese lado, da estrada á zona interior, está pendente desa condución e contan tela realizada cara ao verán.

6.- O sr. Guerra pregunta tamén pola fibra óptica de Tribaldes e de Chaves.

O sr. alcalde manifesta que están no mesmo caso, toda esa zona, da estrada 841 cara ao interior.

7.- O sr. Guerra pregunta pola senda do Secal, que invade a estrada e pide que se poñan dous puntos de luz despois da última casa, enlazando con Cachóns. Tamén manifesta que así que haxa algo de diñeiro se faga unha nova ponte, aínda que de momento o que pide son os dous puntos de luz.

8.- O sr. Guerra refírese á obra de Fornelos e lembra o que lle dixera un condutor de autobús xa hai tres ou catro anos, e que segue estando así, xa que para meterse para aí ten que facer manobra porque por un lado ten unha marquesiña das antigas e por outro un posto. Por iso pide que cando se faga a obra de saneamento e asfaltado que se revise ese tema.

9.- A sra. Vázquez felicita a todas/os asistentes neste Día de Rosalía. Pregunta se se mirou o tema dos contedores na parada de autobús de Pontevea, fronte ao Senra. Sinala que só pretende que non quede no olvido e se se pode facer algo para que o autobús poida entrar de verdade na parada.

O sr. alcalde responde que se mirou algo, pero que aínda non se concretou nada.

10. - A sra. Vázquez refírese á entrada do aparcadoiro de Pontevea e di que precisamente cando chega esta época é habitual que, xusto onde acaba a beirarrúa e empeza o terreo do aparcadoiro, afonde porque se vai movendo a area. Sinala que simplemente pide se se pode pasar a unificar un pouco aí, porque agora si que tocan os coches abaixo, xusto na entrada.

11.- Refírese a sra. Vázquez á coñecida como a pista das areas, en Pontevea, a que vai por diante dos edificios, por onde a gasoleira, cara o interior, e sinala que o sr. Igrexas dixera no anterior Pleno que xa estaba amañada, e non é así.

O sr. Igrexas comenta que se fixo unha actuación e tapáronse os baches que había, xusto antes das choivas, pero resulta que saíron outros. Entón vaise volver a bachear, e vaino facer o persoal da cuadrilla ao longo desta semana, aínda que o preguntará.

12.- A sra. Vázquez pregunta se cando vaian a rechear iso se poden volver a pasar por Olveira, porque diante dos edificios hai un socavón tremendo, e subindo para arriba volveu a abrir por outros lados, polo menos para tapalo. Sinala a sra. Vázquez que sabe que se necesita outra actuación máis grande, pero alí hai varias empresas, o centro de terapia, a residencia, dúas carpinterías, e é unha aldea ademais que une con outros núcleos, polo que realmente é moi transitada.

13.- A sra. Vázquez di que lle chocou moito o comentario do CRA. Pensa que é evidente que, na medida do posible, sempre que se poida aumentar todo o tema de

conciliación por parte do Concello está ben, sexa quen sexa o que governe. Porén sorprendeulle que xusto se falara do tema de conciliación cando esa mesma pregunta xa lla fillo ela á sra. Argibay cando era concelleira, que se reuniron coa ANPA do CRA, polo tanto xa era coñecedora dos problemas de conciliación que había. Entende que igual que o grupo municipal do PP tivo unha reunión coa ANPA do CRA onde lles comunicaron ese feito, tamén a tería que ter tido a concelleira naquel momento, pois estaban no equipo de goberno, entón a apreciación que quería facer era que nalgún momento o grupo do PSOE lles ten chamado a atención ao PP por preguntar demasiado tarde algunhas cousas, sendo ao mellor ó mes seguinte, e entón estráñalle que agora, tantos meses despois, digan que non coñecían este tema.

Sinala que, en todo caso, os temas de conciliación, na medida do que se poidan, se deben de solucionar, sexa a ANPA do CRA ou sexan os servizos municipais.

14.- O sr. Guerra sinala que ao parecer os veciños de Montouto quéixanse dunhas tullas que invaden o edificio, o que está pegado á gasoleneira, indo pola parte de atrás, cara ao Hotel Congreso. Pregunta se se sabe algo do tema, engadindo que que ao parecer denunciaron en Medio Ambiente, e pide que se faga algunha actuación.

15.- A sra. Castro pregunta se se podía levar a cabo unha desratización na zona da Cascalleira.

16.- Refírese a sra. Castro aos contedores de Campos de Mirabel, onde están as hortas, e di que alí hai un montón de lixo, que estaría ben mandar ao servizo de limpeza e recoller todo, ao igual que o que está saíndo cara Carballal.

17.- Pide a sra. Castro que se tapen os baches que hai nesa estrada que vai cara Adrán.

18.- Sinala a sra. Castro que a estrada que vai dende Ameneiro, onde está o supermercado, cara a escola de Casalonga, tamén ten bastantes buratos.

19.- A sra. Castro refírese ao trozo de estrada da zona da Cascalleira que quedou en dobre sentido. Di que ese trozo, que vai dende Fixó cara a Cascalleira, quedou de dobre sentido aínda que lle parece que é inútil porque os coches están aparcados durante todo o día dun lado e do outro.

O sr. alcalde indica que se poñerá á Policía local a controlar un pouco ese espazo, sen ben é certo que mentres non acabe totalmente a obra é difícil tamén ser moi estritos.

A sra. Castro pensa que serán os coches da empresa que está alí, dos traballadores, e que tampouco quere que se dediquen a pasar por alí todos os días a multar, pero polo menos avisar, e que os aparquen nas beirarrúas agora que están feitas, e son anchas, pois esas non se utilizan.

20.- A sra. Castro, dirixíndose ao sr. Igrexas, dille que o sábado pola mañá, no partido da primeira hora da mañá, no das 10 horas, nas gradas do campo de Rebordelo, había de todo tirado. Entende que todo o mundo ten que ter un pouco de educación e non tirar as cousas ao chan, pois hai un contedor na entrada, pero había dende pipas, latas, de todo, tirado. Pregunta en que momento se limpan as gradas.

O sr. Igrexas di que se limpan os venres pola tarde, antes de comezar os partidos e o sábado tamén á tarde, antes dos partidos. Sinala que o horario das persoas que traballan na limpeza é de tarde, e que a última hora de remate dos partidos non poden limpar porque xa están fóra do seu horario laboral. Pensa que con limpar as gradas unha vez ao día non debería de haber problema, e deberíase pensar que se non se ten a capacidade de manter a zona limpa entón hai problema pero que non é de limpeza precisamente.

A sra. Castro di que o sábado á mañá xa estaban sucias.

O sr. Igrexas reitera que dende que se empeza o venres o horario laboral, ás 15.00 ou 16.00, alguén tivo que ensucialo, que ben podería ser durante os adestramentos, ou cando fose, pero non quedan toda a semana sen limpar, porque o sábado á tarde traballan, e tamén a primeira hora da tarde do domingo. Se se volve a repetir mirárase a ver que pasa, aínda que pensa que pode haber máis problemas que non sexan da limpeza, engadindo que con respecto á persoa que limpa alí ten a confianza de que o fai.

A sra. Castro manifesta que ela tamén ten confianza niso.

O sr. Igrexas explica que o problema non é soamente no campo de Rebordelo, senón que é xeral. Pon como exemplo que á beira da estrada N-550, na horta que teñen, é

raro que unha vez á semana non aparezan latas de coca cola tiradas alí. Non entende esa actitude, pero é o que acontece, e todo o mundo debería de aprender a xestionar o seu lixo.

A sra. Castro queda de trasladar á persoa que lle informou, pois ela pensou que sería algo puntual.

21.- A sra. Castro, continuando co campo de Rebordelo, sinala que a semana pasada quedou durante toda a noite o alumeado do campo aceso.

O sr. Igrexas sinala que o problema será, evidentemente, da persoa ou persoas que saíron de últimas. Pide que lle indique exactamente que día foi e mirárase quen estaba no uso do campo nesa data.

A sra. Castro pregunta se alguén vai abrir ou pechar o local, respondendo o sr. Igrexas que non, que son os equipos os que abren e pechan, que se autoxestionan, e que se foi en Calo unicamente hai dúas posibilidades.

A sra. Calvo di que estaría ben poñerlles un letreiro co prezo do kilovatio.

22. - Pregunta a sra Calvo pola poda de árbores nos Tilos, xa que os veciños din que van todos os anos e este ano non se fixo.

O sr. Igrexas di que as árbores pódanse cando é preciso podalas. Explica que, en todo caso, o sistema de traballo que hai neste momento en parques e xardíns está bastante estandarizado, pois é un programa informático que indica un pouco cales son as tarefas pendentes. Sinala que se non se podaron ata o de agora, a partir de agora vai ser algo complicado, pois a floración esta moi adiantada.

Explica que estiveron no día de hoxe cortando parte dun carballo no campo da festa de Baamonde, que ameazaba con caer, e cando cortaron un dos toros sorprendeulle porque empezou a caer auga coma se fose unha esponxa. Segundo lle comentou o persoal de parques e xardíns neste ano vaise un mes antes na subida da savia, polo que vai ser complicado podalas, pois non se pode facer en plena floración. Pide que de todos xeitos se hai algunha árbore que teña un risco ou estea a provocar un problema se comunique para poder actuar.

A sra. Calvo pide que se mande a alguén a botar un vistazo.

23.- A sra. Calvo pregunta pola EIM dos Tilos. Sinala que vai tocar o tema en modo proactivo, que non vai valorar nin o que se di na carta nin nada, porque pensa que é un debate estéril. Di que esta semana non puido ir a ver as instalacións, tal como lles ofrecera o concelleiro, por motivos laborais, pero solicita ir noutro momento para ver como está por dentro, e ver se pode aportar algo para intentar buscar unha solución.

O sr. Igrexas dille á sra. Calvo que o chame cando queira ir e achéganse á zona. Aclara tamén que non hai risco por parte do equipo de goberno de que vaian pechar a escolar e reitera que será o grupo de goberno da seguinte lexislatura quen terá que tomar decisións ao respecto.

O sr. Igrexas pídelo á sra. Castro que lle lembre cal era a estrada que había que bachear.

A sra. Castro respóndelle que é a de Campos de Mirabel a Adrán, e a de Ameneiro á Escola da Casalonga. Aproveita para confirmarlle que o día que o alumeado do campo de fútbol apareceu aceso foi a noite do martes 15 ao mércores 16.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e vinte minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz

ANEXO
RELACION DE FACTURAS REC

ANEXO

Nº de Entrada	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe Total
F/2021/4911	INVERGONSA SL	Importe de los trabajos realizados según certificación única en obra ""canalización escola de pintura"" según detalle ad	320	62200	5.702,15
F/2021/5406	SOGAMA	Tratamiento RSU mes setembro 2021	1623	22799	41.428,56
F/2021/5496	FUNDACION REFUXIO ANIMAIS	Cota fixa correspondente ao mes de referencia / animais sáns ingresados durante o mes de referencia / animais feridos	170	48001	4.031,05
F/2021/5746	VIAQUA,S.A.U	Venta material hidráulico 2021/07	161	22199	5.556,05
F/2021/5747	VIAQUA,S.A.U	Venta material hidráulico 2021/08	161	22199	2.848,92
F/2021/5748	VIAQUA,S.A.U	Venta material hidráulico 2021/09	161	22199	3.024,42
F/2021/5749	VIAQUA,S.A.U	Texto posición: venta contador de auga nas obras de vilanova e bustelo venta contador de auga nas obras de	161	22199	4.671,73
F/2021/5751	DIGAMEL S.A.	Cbl.rv-k 0,6/1kv 4g2,5 rollo 20303116cbl.rv-k 0,6/1kv 4g2,5 rollo 20303116 / conductor rvk-0,6/1kv 3g1,5 20303076conduct	165	22199	342,58
F/2021/5753	ANTONIO PAZOS S.L.	Cable vv-f 3x1 mm2. rollos / cable rv-k 3x1,5 mm2. rollos / cable rv-k 3x2,5 mm2. rollos / regleta 6 mm. / regleta 10	165	22199	402,83
F/2021/5754	ANTONIO PAZOS S.L.	Clavija am-top 4 32a 5p 6h400v ip44	165	22199	10,84
F/2021/5756	CANEDA ELECTRICIDAD S.L.	- por rebobinar bomba sumergible abs tipo afp 0841. 1 m15 / 4d de 3 cv, 1. 450 r. p. m. 220 / 380 v, engrase y montaj	160	22199	2.456,25
F/2021/6178	SOGAMA	Tratamiento RSU mes outubro 2021	1623	22799	39.588,18
F/2021/6179	COREGAL	Recogida de residuos del 01/10/2021 al 31/10/2021	1622	22799	3.410,00
F/2021/6180	COREGAL	Recogida de residuos pto limpio del 01/10/2021 al 31/10/2021	1622	22799	3.850,00
F/2021/6191	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Ud. alquiler y transporte de contenedor c/ fangos de la depuradora a la planta de Touro	161	22799	890,85
F/2021/6192	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Tn. canon de gestion de residuos de lodos en edar Calo / ud. alquiler y transporte de c	161	22799	1.421,42
F/2021/6193	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Rect. a434- 244 / ud. alquiler y transporte de contenedor c/ fangos de la depuradora a la planta de Touro (transp. edar	161	22799	809,86
F/2021/6194	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Ud. alquiler y transporte de contenedor c/ fangos de la depuradora a la planta de Touro	161	22799	2.502,90
F/2021/6197	ANTONIO PAZOS S.L.	Giobo poietieno 400 mm. boca 1 / umm opai / base aluminio e-27	165	22199	95,46
F/2021/6198	ANTONIO PAZOS S.L.	Floodlight flf pfm 50w/4000k sym 100 negro / pinza cahors 564.101 m-25 300 dan / kit magnetico sodio 50w / floodlight lf	165	22199	1.079,90
F/2021/6215	WURTH ESPAÑA SA	Carraca-reforzada-1/2-250mm / juego-reparacion-carracas-1/2	161	22199	97,26
F/2021/6216	WURTH ESPAÑA SA	Varilla-roscada-(a2k)-m12x1000 / brida-nylon-trans-7,8x540	165	22199	309,38
F/2021/6233	ANTONIO PAZOS S.L.	Temporizador gave tm-01 multifunc.5 esc.	165	22199	71,46
F/2021/6234	ANTONIO PAZOS S.L.	Cable alimentación blanco	165	22199	51,73
F/2021/6243	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Tn. grava 40/70. (macadan) en base (obra: aglomerado en zona de chalets, a torre 86) / tn. aglomerado en frio (mezcla	160	22799	984,03
F/2021/6317	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	Cazadora vkng a.v. 111084-120-h4z9 / anagrama pecho izqd. vinilo gris reflex.	135	22104	2.498,65
F/2021/6318	PEYCAR PONTEVEDRA, S.L.	Traje bombero	135	22104	1.137,40
F/2021/6319	ANTONIO PAZOS S.L.	Lamp philips son-t 50w pia plus tubular e27	165	22199	514,71
F/2021/6320	ANTONIO PAZOS S.L.	Bvp155 led 100/840 psu 100w awb ce / - flood led 70w/4000k negro 100deg ip65	165	22199	507,11
F/2021/6328	SONEPAR IBERICA SPAIN SAU	Atv320c 0,37kw 400v trifas. compacto (obra: servicio de augas)	160	22199	240,79
F/2021/6331	SERVICIOS ESTACION SL	Alquiler camion cesta. periodo 01-10-2021 a 31-10-2021	165	20400	3.872,00
F/2021/6338	RESTAURANTE MARIA CASTAÑA S.L.	Menú do día / menú do día	161	22799	66,00
F/2021/6343	ANTONIO PAZOS S.L.	Comp sup caja 3 elem hor gris plexo / comp e/s conm 1p 10a gris plexo / comp e/s 2p+t tor gris plexo / comp e/s pulsador	165	22199	81,51
F/2021/6361	ANTONIO PAZOS S.L.	Cicle 114 3x0,5m 146371 / cable alimentacion blanco 977722	165	22199	298,20
F/2021/6362	INDROPS LABORATORIO DE ANALISIS Y CALIDAD MEDIOAMBIENTAL, S.	Toma de muestras el 28-29/10/21 / informe 215437 edar Pontevea. análisis de agua residual de entrada / informe 215437 ed	160	22799	1.010,02
F/2021/6370	GRAN FORMATO EUROPRINT, S.L.	Departamento de protección civil 1 ref. san martiño 1 rotulación en dibond 5 señales 120x80 4 señales 100x40 4 señales 5	135	22199	980,10
F/2021/6386	GASOLEO CALEFACCION S.L.	Gasoleo c (punto de suministro: 	132	22103	977,57
F/2021/6459	ANTONIO PAZOS S.L.	Luminaria mini 0,50m calido	165	22199	367,60
F/2021/6480	FRAGIO RODRÍGUEZ LUIS	Adaptador xlr-3 a xlr-5 pines. lámpara radiun par 30 sr 75w. lámpara sylvania hi spot 63-50w. lámpara par-64 - 1000w. lá	165	22199	448,62

F/2021/6502	SNF FLOERGER IBERICA SLU	Em 640 hib (enviado a: edar os tilos)	161	21300	765,33
F/2021/6503	SNF FLOERGER IBERICA SLU	Em 640 hib (enviado a: edar calo)	161	21300	3.214,37
F/2021/6506	GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES 2020 S.L.	Gafa antiempañante incoloro 9301714 uvex (e/um) / guante nitrilo azul satinado 811 c-20 t-10-10.5 juba / guante nitrilo	161	22104	26,74
F/2021/6509	NINO CENTRO DE IMPRESION DIGITAL S.L.	Copia proyecto edificio en A Ramallosa /fotocopia a-4	151	22199	88,00
F/2021/6513	ROYDISA S.A.	[f0124833] texpa12c2131c-presostato 12 bar xmp-a12c2131c tme (ped. marcelino alb. sst21019812) / [21220097] tubo poliam	160	22199	130,90
F/2021/6530	TEOVET	Ovariectomia belen	171	22799	90,00
F/2021/6531	TEOVET	Ovariectomia eloisa	171	22799	90,00
F/2021/6532	TEOVET	Rect. emit- 5952 / orquiectomia tomas	171	22799	50,00
F/2021/6533	TEOVET	Rect. emit- 5953 / ot caित्रiona	171	22799	90,00
F/2021/6540	COMERCIAL SILVA	Ml pp sto sn-8 dn-400 corrug teja / porte / reg gabia-50 b-125 fd / ml pe-100 32-16 atm ad / coll p/pvc-pe dn-63 a 1 ^{mm} fd	161	22199	952,52
F/2021/6547	SONEPAR IBERICA SPAIN SAU	Fusible do2 35a 400v (obra: etap pontevea)	160	22199	14,30
F/2021/6554	CAEIRO REY S.L.	Sustituir pastillas freno del nissan navara 2095krm	135	21300	134,42
F/2021/6565	ESPIÑA & DELFIN	32234: suministro e instalacion cuadro electrico bombeo de pedrouso: importe por trabajos realizados recogidos en nue	161	62900	24.042,70
F/2021/6567	SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA SL	Tubo polietileno a.d. pe100 aenor ø40x10 rollo / tubo polietileno a.d. pe100 aenor ø63x16 rollo / tubo pvc saneamiento s	160	22199	1.118,38
F/2021/6570	CURIEL ARES JUAN A.	Concepto:clases guitarra de Xoán Curiel no mes de outubro	330	22799	600,00
F/2021/6571	CURIEL ARES JUAN A.	Concepto:clases guitarra de Xoán Curiel no mes de novembro	330	22799	600,00
F/2021/6572	VALDES NUÑEZ S.L.	Gasoleo a (matrícula:2095-krm) / gasoleo a (matrícula:9370-lns) / gasolina 95 (matrícula:3320-cpy) / gasoleo a (m	171	22103 22199	6.679,91
F/2021/6573	VALDES NUÑEZ S.L.	Ablue (matrícula:2095krm) / gasoleo a (matrícula:2095krm) / gasoleo a (matrícula:2095-krm) / gasoleo a (matrícula	161	22103	197,53
F/2021/6574	ROMARIS LENS ANTONIO	Curso de maxia no concello de Teo impartido polo Mago Romarís. 8 clases realizadas no mes de novembro	330	22799	600,00
F/2021/6575	GOMEZ VARELA GERMAN	Pantalon / camiseta/polo / chaqueta / jersey / toalla baño	161	22799	98,99
F/2021/6576	GOMEZ VARELA GERMAN	Funda licra negra	161	22799	54,63
F/2021/6581	J. VILLAVARDE S.A.	Bellota flexometro bimaterial 50011-5 (augas de teo) / latiguillo flexible m-h-1/2 30 ct (augas de teo) / baño dest	161	22199	19,48
F/2021/6582	LOPEZ RETORTA BELEN	2 sesións de astronomía cultural e observacion do ceo nocturno en xulio e agosto de 2021	330	22799	726,00
F/2021/6588	SOGAMA	Tratamento RSU mes novembro 2021 (ayuntamiento de teo)	1623	22799	38.486,09
F/2021/6590	DIGAMEL S.A.	Fusible d01 6a b215695j/fusible d01 6a b215695j / fusible d02 35a r219826j/fusible d02 35a r219826j	165	22199	16,01
F/2021/6638	ANTONIO PAZOS S.L.	Columna de 6 m. ø 60 mm., 3 mm. de espesor, modelo eu c12 (placa 300 x 8 embutida, c-215 mm., sin pernos).. galvanizad	165	22199	816,96
F/2021/6640	ANTONIO PAZOS S.L.	String avant 180 ip67 flashing / cable alimentación blanco / brida uso i.pa 6.6 32x3,6x142 natural / gold star pmmma / re	165	22199	1.910,84
F/2021/6643	ANTONIO PAZOS S.L.	Lamp.hqi-ts 150w/hdl/excellence r7s / kit 150w halogenuros metalicos	165	22199	52,86
F/2021/6644	ANTONIO PAZOS S.L.	Tapa himel tpls-2727 baja (az)	165	22199	33,13
F/2021/6645	ANTONIO PAZOS S.L.	Detector tensión c/ led hasta 400v/cc cat iii 400v / cinta aislante pvc 19x20 blanca	165	22199	31,31
F/2021/6929	ROMARIS LENS ANTONIO	Actuación do Mago Romarís no concello de Teo co espectáculo ¿ maxia potáxica (día 04 de decembro)	330	22799	950,00
F/2021/6938	COREGAL	Recogida de residuos del 01/11/2021 al 30/11/2021	1622	22799	3.410,00
F/2021/6939	COREGAL	Recogida de residuos pto limpio del 01/11/2021 al 30/11/2021	1622	22799	3.850,00
F/2021/6946	ANTONIO PAZOS S.L.	Manguera blanca 3x1 mm. / int.horario mod.uni t 24h sin reserva 100h / regleta 4 mm. / regleta 6 mm. / fusible zr-00 6a.	165	22199	188,03
F/2021/6950	ORIHUELA CONDE DAVID	Obradoiro artes plásticas. novembro	330	22609	1.103,52
F/2021/6951	ORIHUELA CONDE DAVID	Obradoiro cabaliños san Martiño	330	22609	356,95
F/2021/6955	ELA INGENIERIA Y MEDIO AMBIENTE S.L.	Dirección de ejecución de las obras de eficiencia energética en EDAR Calo, Tilos y Pontevea	161	22799	4.440,70
F/2021/6959	DISGAL MILLADOIRO S.L.	Ud.rejilla abatible c250 600x600 (carretera das viñas) / ud.contador chorro unico b dn13/115 (carretera das viñas)	160	22199	625,87
F/2021/6961	MODESTO VAZQUEZ S.L.	Acolchado de apoyo (forestal)	171	21300	51,55
F/2021/6970	FIMASI EXCAVACIONES Y TRANSPORTES	Por poda en altura con grua de 30 metros para poda entre cables de corriente , servicio de cajon grua con cesta, limpieza	171	22799	2.302,63

REC Pleno

F/2021/6977	MODESTO VAZQUEZ S.L.	Reparacion / cabezal semiautomatico y mano de obra (Augas de Teo)	160	21300	31,75
F/2021/6986	RODRIGO MOSQUERA CORRAL	Arboles de navidad en madera de pino	330	22609	5.336,10
F/2021/6999	LINCOLD IBERICA	Liclor pwg - grg 1.250 kg. hipoclorito sodico cumple normas une en para tratamientos de aguas / nº de lote: 20211124 /	161	22199	514,25
F/2021/7002	TEOVET	Orquiectomia julito	171	22799	50,00
F/2021/7005	E.S. PONTEVEA	Fra.noviembre concello Teo auga	161	22103	235,31
F/2021/7011	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Ud. alquiler y transporte de contenedor c/fangos de la depuradora a la planta de touro / tn. canon de gestion de residuo	161	22799	1.401,47
F/2021/7012	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Ud. alquiler y transporte de contenedor c/ fangos de la depuradora a la planta de Touro (edar Pontevea)	161	22799	1.907,75
F/2021/7013	CONSTRUCCIONES BOQUEIXON S.L.	Tn. canon de gestion de residuos de lodos en edar Calo / ud. alquiler y transporte de c	161	22799	2.229,30
F/2021/7056	CARTEO SL	Lampara h7 del nissan 8748gzz	135	21300	12,10
F/2021/7067	FUNDACION REFUXIO ANIMAIS	Cota fixa correspondente ao mes de referencia / animais sáns ingresados durante o mes de referencia / animais feridos ou	170	48001	3.121,05
F/2021/7073	ESPINA & DELFIN	-ud. reparacion de rodillo de filtro banda para e.d.a.r. de calo: segun albaran nº 21171 de fecha 20/10/2021 adjunto.	161	21300	514,25
F/2021/7075	SONEPAR IBERICA SPAIN SAU	Int.dif schneider iid 4p 25a 30ma ac inst acc (obra: servicios electricos) / int.dif schn iid resid 2p 25a 30ma ac ins	165	22199	310,04
F/2021/7076	FIMASI EXCAVACIONES Y TRANSPORTES	Corta de mimosas e retirada de restos a vertedero autorizado. lugar de A Torre- Cacheiras.	171	22799	1.488,30
F/2021/7088	TEOVET	Oht isabel	171	22799	90,00
F/2021/7089	TEOVET	Orquiectomia criptorquidia bilateral pedrin	171	22799	90,00
F/2021/7099	SANEAMIENTO AVANZADO S.L.	Trabajos varios (trav de cacheiras 40 teo limpieza con camion cuba mixto de colectores de saneamiento en trav de cach	161	22799	235,95
F/2021/7100	ANTONIO PAZOS S.L.	Mzd led tube 1200mm 14,5w 865	165	22199	148,37
F/2021/7101	SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA SL	Tubo pvc saneamiento sn4 aenor ø200 / tubo pvc saneamiento sn4 aenor ø315	161	22199	3.676,83
F/2021/7102	SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA SL	Tubo pvc saneamiento sn4 aenor ø160	161	22199	1.009,14
F/2021/7103	ANTONIO PAZOS S.L.	Pinza cahors 564.101 m-25 300 dan / gancho cahors 564.105 gsp-1 / base multiple 2 tomas / base 3 tomas bip.16a 250v bl.c	165	22199	415,49
F/2021/7104	ANTONIO PAZOS S.L.	String avant 180 ip67 flashing / star flake mini azul / brida uso i.pa 6.6 50x2,5x190 natural / tijera 16020f1 p/cortar+	165	22199	916,37
Total facturas					261.382,56
Total Naturgy					213.203,57
TOTAL REC					474.586,13

Facturación eléctrica

Nº de Entrada	Nome	Texto Explicativo	Prog.	Econ.	Importe Total
F/2021/5492	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - P1 (punta) (6.928 kW * 30.67266 Eur/kW y año * (15/365) días	165	22100	141,14
F/2021/5497	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	TERMO DE POTENCIA PUNTA-CHAN (0.986301) / TERMO DE POTENCIA VAL (0.986301) / TERMO DE POTENCIA CARGOS PUNTA-CHAN 01.	165	22100	33,94
F/2021/5720	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	TÉRMINO DE POTENCIA PUNTA (1.019178) / TÉRMINO DE POTENCIA VALLE (1.019178) / TÉRMINO DE POTENCIA CARGOS PUNTA (1.0	165	22100	89,51
F/2021/5721	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	TÉRMINO DE POTENCIA PUNTA (1.019178) / TÉRMINO DE POTENCIA VALLE (1.019178) / TÉRMINO DE POTENCIA CARGOS PUNTA (1.0	165	22100	92,57
F/2021/5722	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	TÉRMINO DE POTENCIA PUNTA (0.986301) / TÉRMINO DE POTENCIA VALLE (0.986301) / TÉRMINO DE POTENCIA CARGOS PUNTA (0.9	165	22100	81,09
F/2021/5723	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	TÉRMINO DE POTENCIA PUNTA (0.986301) / TÉRMINO DE POTENCIA VALLE (0.986301) / TÉRMINO DE POTENCIA CARGOS PUNTA 01.09	165	22100	112,50
F/2021/5757	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE 01/06/2021 - 30/06/2021 76,51 EUR x 0,005 (CUPS ES0022000004975523LN1P Direccion PS VILANOV	165	22100	94,66
F/2021/5758	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/07/2021 - 31/07/2021 1 UN x 1,39 EUR (CUPS ES0022000007551471FY1P Direccion PS CACHEIRAS,1194	165	22100	193,04
F/2021/5759	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/06/2021 - 30/06/2021 1 UN x 1,34 EUR (CUPS ES0022000007551471FY1P Direccion PS CACHEIRAS,1194	165	22100	269,84
F/2021/5760	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 31/08/2021 1 UN x 1,39 EUR (CUPS ES0022000007551471FY1P Direccion PS CACHEIRAS,1194	165	22100	192,92
F/2021/5761	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR (CUPS ES0022000004975619TQ1P Direccion PS ALDEA CESAR,6701 15866 CESAR -TEO-) / ALUGAMENTO DE C	165	22100	165,44
F/2021/5762	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000007851679HH1P Direccion PS POBOA,9000 158	160	22100	433,41
F/2021/5763	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000004975619TQ1P Direccion PS ALDEA CESAR,67	165	22100	101,10
F/2021/5764	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 02/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 10,47 EUR (CUPS ES0022000004975507HL1P Direccion PS CALLE RAMALLO	320	22100	764,12
F/2021/5765	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,75 EUR (CUPS ES0022000008432467QX1P Direccion PS CAMPOS DE MIRA	165	22100	172,48
F/2021/5766	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000004975504HQ1P Direccion PS ALDEA CASALONG	165	22100	352,88
F/2021/5767	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	DESCONTO REAL DECRETO LEI 17/2021 (CUPS ES0022000008861648TB1P Direccion PS DA RAMALLOSA,8011 15883 RAMALLOSA) / CONSU	920	22100	276,88
F/2021/5768	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 10,8 EUR (CUPS ES0022000008203049TV1P Direccion PS AUGAS MANSAS,9	165	22100	202,70
F/2021/5769	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE 01/09/2021 - 30/09/2021 51,2 EUR x 0,005 (CUPS ES0022000008920527FX1P Direccion PS CALLE MA	160	22100	63,89
F/2021/5770	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE 01/09/2021 - 30/09/2021 45,27 EUR x 0,005 (CUPS ES0022000008778444QK1P Direccion PS LUGAR I	320	22100	56,02
F/2021/5771	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 1,34 EUR (CUPS ES0022000007551471FY1P Direccion PS CACHEIRAS,1194	165	22100	164,71
F/2021/5772	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/07/2021 - 31/07/2021 1 UN x 1,39 EUR (CUPS ES0022000004975523LN1P Direccion PS VILANOVA,67 15	165	22100	90,00
F/2021/5773	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 31/08/2021 1 UN x 1,39 EUR (CUPS ES0022000004975523LN1P Direccion PS VILANOVA,67 15	165	22100	103,60
F/2021/5774	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000004975580ET1P Direccion PS LOUREIRO,9710	165	22100	244,84
F/2021/5775	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 20/07/2021 - 19/09/2021 1 UN x 2,71 EUR (CUPS ES0022000007559891MP1P Direccion PS BUXO,9008 1589	312	22100	330,78

Facturación eléctrica

F/2021/5776	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 04/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 9,76 EUR (CUPS ES0022000007016148PP1P Direccion PS BUXO,9424 1589	320	22100	915,62
F/2021/5777	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 10,83 EUR (CUPS ES0022000007327307JT1P Direccion PS ALDEA BARCIA,	160	22100	1.080,37
F/2021/5778	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 1,34 EUR (CUPS ES0022000007824126QL1P Direccion PS BUXO,9425 1589	340	22100	331,32
F/2021/5779	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 1,34 EUR (CUPS ES0022000007240147HX1P Direccion PS CALLE IGLESIA	165	22100	106,50
F/2021/5780	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000007275780AQ1P Direccion PS ALDEA PEDRA,99	165	22100	97,67
F/2021/5781	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/06/2021 - 30/06/2021 1 UN x 1,31 EUR (CUPS ES0022000007273385ZJ1P Direccion PS BUXO,9000 1589	165	22100	179,00
F/2021/5782	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 19/07/2021 - 16/09/2021 1 UN x 2,68 EUR (CUPS ES0022000008129985KR1P Direccion PS ALDEA INSUA,80	165	22100	1.715,88
F/2021/5783	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000004975502HZ1P Direccion PS LA IGLESIA,970	165	22100	130,50
F/2021/5784	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 04/09/2021 - 29/09/2021 1 UN x 9,39 EUR (CUPS ES0022000008216168LA1P Direccion PS MONTOUTO,9999	920	22100	318,24
F/2021/5785	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 1,34 EUR (CUPS ES0022000004975523LN1P Direccion PS VILANOVA,67 15	165	22100	144,17
F/2021/5786	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000004975497HD1P Direccion PS RAMALLOSA,9705	165	22100	165,63
F/2021/5787	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/06/2021 - 31/07/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000007240147HX1P Direccion PS CALLE IGLESIA	165	22100	206,98
F/2021/5788	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,67 EUR (CUPS ES0022000004975596EQ1P Direccion PS RUA DE FRANCOS	165	22100	241,84
F/2021/5789	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 10,83 EUR (CUPS ES0022000004975500HN1P Direccion PS LUGAR IGLESIA	165	22100	217,79
F/2021/5790	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 07/09/2021 - 28/09/2021 1 UN x 7,94 EUR (CUPS ES0022000008724791FG1P Direccion PS CALLE RIBEIRA	160	22100	298,17
F/2021/5791	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE 01/09/2021 - 30/09/2021 47,08 EUR x 0,005 (CUPS ES0022000004975552CH1P Direccion PS RUA DE	165	22100	58,84
F/2021/5792	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000004975582EW1P Direccion PS VIDUEIRO,9706	165	22100	263,40
F/2021/5793	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/07/2021 - 31/07/2021 1 UN x 1,36 EUR (CUPS ES0022000007273385ZJ1P Direccion PS BUXO,9000 1589	165	22100	158,23
F/2021/5794	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/09/2021 - 30/09/2021 1 UN x 1,31 EUR (CUPS ES0022000007273385ZJ1P Direccion PS BUXO,9000 1589	165	22100	168,52
F/2021/5795	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	IMPOSTO SOBRE ELECTRICIDADE 02/09/2021 - 29/09/2021 85,72 EUR x 0,005 (CUPS ES0022000007260751VY1P Direccion PS LUGAR I	340	22100	116,47
F/2021/5796	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 31/08/2021 1 UN x 1,36 EUR (CUPS ES0022000007273385ZJ1P Direccion PS BUXO,9000 1589	165	22100	184,68
F/2021/5797	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,73 EUR (CUPS ES0022000007628603WL1P Direccion PS SAN SADURNIÑO,	165	22100	113,45
F/2021/5798	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 30/09/2021 1 UN x 2,67 EUR (CUPS ES0022000004975530LL1P Direccion PS ALDEA VILAR DE	165	22100	129,65
F/2021/5799	GAS NATURAL SERVICIOS SDG,S.A.	ALUGAMENTO DE CONTADOR 01/08/2021 - 31/08/2021 1 UN x 1,39 EUR (CUPS ES0022000007240147HX1P Direccion PS CALLE IGLESIA	165	22100	110,85
F/2021/5815	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - P1 (punta) (3.3 kW * 30.67266 Eur/kW y año * (25/365) días)	165	22100	35,95
F/2021/5816	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - P1 (punta) (3.45 kW * 30.67266 Eur/kW y año * (31/365) días)	165	22100	38,78

Facturación eléctrica

F/2021/6141	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - P1 (punta) (0.6 kW * 30.67266 Eur/kW y año * (31/365) días)	165	22100	17,69
